A importancia das turbeiras na loita contra o cambio climático é recoñecida pola totalidade da comunidade científica. Co 3 % da superficie do planeta, as turbeiras acumulan o 30 % do CO₂ do planeta, calculándose que o volume de carbono acumulado nas turbeiras de todo o mundo é comparable ao total que hai na atmosfera, superando incluso ao acumulado nos bosques do planeta. A súa conservación, por tanto, é absolutamente fundamental na loita contra o cambio climático.

En España, a mellor representación de turbeiras está en Galicia. Entre elas figuran hábitats prioritarios da UE, en concreto as turbeiras de cobertura, que están sobre todo na serra do Xistral, no norte de Lugo e na costa norte de Ferrol, e que son case exclusivos de Galicia, pero a súa protección pública é practicamente inexistente, a pesar de que Galicia é requirida desde hai tempo (2004) pola UE pola insuficiente presenza destes hábitats na Rede Natura 2000.

As turbeiras de Galicia están entre as que presentan unha maior taxa de acumulación de carbono a nivel mundial –e, por tanto, de secuestro de CO₂ presente na atmosfera–, segundo reflicte un estudo publicado na revista “Nature Climate Change” no ano 2018, asinado por un equipo internacional no que colaboran dous investigadores do grupo de investigación Ciencia do Sistema Terra da USC, que destacaron na presentación dese traballo a nivel Galicia que as turbeiras son espazos naturais que participan en múltiples funcións ecolóxicas, como a regulación da descarga de auga cara aos ríos, a depuración de auga, servir como hábitat de biodiversidade, “ademais de ser auténticas bibliotecas nas que está escrito o noso pasado”. Igualmente, afirmaban que “Dado o delicado equilibrio entre captar e liberar carbono e, por tanto, entre pasar de sumidoiro a fonte, a protección e recuperación das turbeiras deberían ser obxectivos prioritarios tanto en Galicia como en España” e que “Se estes ecosistemas non se coidan, ese CO₂ libérase co mesmo efecto que xera a contaminación da industria. É dicir, as consecuencias para o cambio climático son as mesmas: non preservalas provoca efecto invernadoiro”.



Hai que lembrar que a pesar de múltiples recordatorios realizados no marco da Comisión Estatal de Patrimonio Natural y de la Biodiversidad, Galicia non rexistrou ata o momento ningunha zona húmida no Inventario Español de Zonas Húmedas, creado en 2004, tal e como demanda o Real decreto 435/2004, de 12 de marzo, polo que se regula este inventario nacional.

En Galicia o Decreto 127/2008 desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos de Galicia. A pesar das previsións deste decreto, ben claras e non deixadas á discrecionalidade da Administración autonómica, case 15 anos despois da entrada en vigor desa norma non existe –porque a Xunta non o elaborou– o inventario de humidais previsto detalladamente no propio decreto, que o configura como o instrumento que recollerá de forma sistemática os humidais situados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia que se atopen incluídos nalgunha das tipoloxías establecidas no anexo II, como é o caso das turbeiras, entre outros presentes en Galicia.

Por tanto, fóra dos cinco humidais Ramsar, radicados todos eles na costa e que representan unha mínima fracción dos valiosos ecosistemas deste tipo que ten Galicia, o resto dos humidais, sinaladamente as nosas valiosísimas turbeiras, non existen para a Administración galega, atopándose na actualidade sometidas estas últimas a dous tipos de ameazas fundamentais: a eucaliptización acelerada, que leva a desecar turbeiras enteiras, e o elevado número de proxectos eólicos en tramitación.

Cómpre lembrar que a conservación e xestión de espazos naturais, hábitats, flora e fauna corresponde ás comunidades autónomas que teñen asumidas estas competencias (art. 148.1.9º da Constitución española), como é o caso de Galicia, que é quen debe adoptar as medidas de conservación e xestión que sexan necesarias e quen debe cumprir e facer cumprir o ordenamento xurídico existente, que neste caso é de carácter autonómico, en desenvolvemento da normativa básica estatal.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Establecer as medidas necesarias para protexer efectivamente as turbeiras do noso territorio, dada a súa grande importancia ecolóxica e na loita contra o cambio climático.



2º) Elaborar e publicar con carácter inmediato o inventario de zonas húmidas contemplado no Decreto 127/2008, que desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos de Galicia.

Pazo do Parlamento, 28 de abril de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 28/04/2022 11:37:29

Patricia Otero Rodríguez na data 28/04/2022 11:37:44

Paloma Castro Rey na data 28/04/2022 11:38:04

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/04/2022 11:38:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e das deputadas **Noa Presas Bergantiños**, **Olalla Rodil Fernández** e **Carmen Aira Díaz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a construción en Ourense dun Centro de Atención a Persoas con Discapacidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En xuño de 2020 a Xunta de Galiza asinaba coa UTE Construcciones ALEA, S.L. - Proforma Ejecución de Obras y Restauraciones, S.L. o contrato de obras de construción dun centro de atención a persoas con discapacidade en Ourense. Contrato adxudicado por un importe de 7.659.080,66 €, sendo de 18 meses o prazo de execución polo que debería estar totalmente rematada a obra do CAPD no mes de febreiro de 2022.

A mediados do mes de xuño de 2021 a UTE adxudicataria comunica á Xunta de Galiza a imposibilidade de continuar coa execución do contrato asinado polo que procedía á paralización da construción da obra, extremo do que o goberno galego en ningún momento informou, nin conste tampouco adoptase medida algunha para solucionar a situación.

Vencido o prazo establecido para a total execución do CAPD resulta que apenas está executada a terceira parte da obra, sen que conste a efectiva resolución contrato e o inicio dos trámites para unha nova adxudicación.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Demora e paralización no proceso de construción dun centro, necesario para Ourense -a única circunscrición que non conta cun centro público destas características –, que xa se comezou a construír moitos anos despois de ser prometido, e logo dun grande mobilización social e a recollida de máis de 50.000 sinaturas. Sen dúbida foi a sociedade ourensá organizada en torno á Plataforma PROCAPD a que conseguiu que a Xunta de Galiza abandonase as súas reticencias e convocase a redacción do proxecto (que houbo ser reformado) e a súa posterior adxudicación das obras. Certamente a Xunta de Galiza nunca demostrou excesivo compromiso coa construción de tan necesario Centro, dirixido a persoas maiores de 21 anos e de dotar a Ourense dun espazo residencial, centro de día e de respiro familiar, de titularidade e xestión (?) pública.

Malia os sucesivos anuncios, sempre tras requirimentos da Plataforma PROCAPD, do BNG ou da sociedade ourensá en xeral, non consta que a Xunta de Galiza estea avanzar na reanudación das obras e á dotación e acondicionamento para a inmediata posta en funcionamento do CAPD de Ourense.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Tramitar con urxencia a resolución do actual contrato e da nova adxudicación da construción do CAPD de Ourense, así como a concretar prazo para a apertura e entrada en funcionamento do Centro.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Garantir a participación efectiva da plataforma social no proceso de construción do CAPD de Ourense a fin de que o proxecto se execute consonte ás demandas acordadas, así como que a xestión sexa exclusivamente pública e directa, realizando as modificacións dos Orzamentos de 2022 necesarias a tal fin.”

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2022

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Noa Presas Bergantiños

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 29/04/2022 11:26:07

María del Carmen Aira Díaz na data 29/04/2022 11:26:11

Noa Presas Bergantiños na data 29/04/2022 11:26:21





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/04/2022 11:26:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz**, **María González Albert** e do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O rural adoce de varias doenzas que é necesario atallar, por unha banda o baleiramento de cara as cabeceiras das comarcas polas dificultades de obter os servizos básicos necesarios para unha mínima calidade de vida, para persoas adultas e as súas crianzas ou maiores.

Evidentemente hai que intervir dende o goberno da xunta e efectivamente a Consellería está a utilizar moitas ferramentas para darlle pulo ao Desenvolvemento Rural, pero queda por saber se son as ferramentas adecuadas, e para isto hai que ter avaliado a relación do que custa co resultado que da.

Medidas estrela xa instauradas como as aldeas modelo, que cobraron o ano pasado cobertura normativa, son nomeadas como exitosas sen aportar o primeiro dato que acompañe a esta afirmación. Sería pois, interesante en extremo que as medidas sexan avaliadas e revalidadas con datos claros e transparente que sirvan de xustificante para novas inversións. Véxase número de habitantes con emprendementos nesas aldeas, incremento de poboación sufrido, volume de negocio dos sectores produtivos implantados nelas, renda per cápita dos seus habitantes, cantas das que comezaron a súa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

andanza se manteñen no tempo, que tipo de actividade produtiva desenvolven, se é a acaída para a zona... etc

En cambio descoñecemos estes datos, simplemente imos sabendo cantas se van declarando, sen que conste coñecemento dunha planificación previa, e que a maiores se pretende facer delas "territorios intelixentes" que dende o noso entender están ben alonxadas do espírito que en Europa se lles outorga e que no caso galego confinan ó século XXI dentro desas aldeas mentres as que están ó lado perden a cobertura móbil cando chove forte, ou ben carecen de vías de comunicación convencionais ou están nun estado de grande inhabitabilidade.

Sería preciso que se deran a información clara das análises de viabilidade do proxecto, que planificación global o soporta e acompañado dunha avaliación de resultados que entendemos que non se fixo, por isto

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta a facer unha avaliación exhaustiva dos resultados, económicos, fixación de poboación, renda per cápita, volume de negocio, das distintas aldeas modelo implantadas ata o de agora co fin de reforzar ou corrixir o actual modelo de expansión en canto a número ou nivel de inversión orzamentaria.”

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P.do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 29/04/2022 13:00:30

María González Albert na data 29/04/2022 13:00:34

Xosé Luis Rivas Cruz na data 29/04/2022 13:00:51

María del Carmen Aira Díaz na data 29/04/2022 13:01:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias e Iria Carreira Pazos** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás medidas a tomar diante da vulneración dos dereitos lingüísticos dxs galego falantes na Consellaría de Sanidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A administración pública segue a encabezar os ataques e as vulneracións lingüísticas ao galego.

Dentro da administración destaca a Xunta de Galiza, con funcións e competencias para garantir os dereitos lingüísticos e que non só abdica da súa responsabilidade senón que é a primeira en incumprir as súas propias normas en relación ao galego.

O SERGAS é un dos organismos da Xunta que máis denuncias recibe por vulnerar os dereitos lingüísticos das persoas galegofalantes.

Un doente ven de denunciar que de novo no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, non lle facilitaron en galego a documentación que tiña que asinar para someterse a unha intervención, a razón dada polo centro hospitalario foron “burocráticos e que diante da súa negativa a aceptar estas razóns e esixir que tiña dereito a que lle entregasen a documentación en galego foi expulsado polos servizos de seguridade. Denuncia que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

levo 20 anos nesta situación, que xa presentou nove queixas por escrito para que lle entreguen os Consentimentos Informados en galego e a situación é reiterada cada vez que precisa asinar un novo documento.

Non estamos diante dun caso illado, xa que o SERGAS é un dos organismos públicos que máis denuncias recibe cada ano da cidadanía por vulneración de dereitos lingüísticos como reflicte anualmente o informe do servizo A Liña do Galego posto en marcha pola Mesa pola Normalización Lingüística”.

Esta situación é inadmisíbel, que a mesma administración pública que debe defender e velar pola garantía dos dereitos lingüísticos das persoas galegofalantes así como promover o uso normalizado da lingua galega en todos os ámbitos, públicos ou privados, sexa a principal incumpridora.

Aínda máis cando ese incumprimento se produce nunha situación de tanta vulnerabilidade como cando unha persoa precisa de atención sanitaria, vai realizar unha proba diagnóstica ou unha intervención cirúrxica.

Trátase dunha práctica constante e reiterada que vai desde a sinalética nos centros sanitarios, os informes entregados xs doentes, consentimentos informados, a documentación interna, a atención tanto telefónica como presencial, as ferramentas informáticas...

Hai probas máis que de abondo de que para a Consellaría de Sanidade non é importante a cuestión do idioma, cando se trata dun dereito, e aprovéitase de que a urxencia e a situación de vulnerabilidade na que se atopa a persoa que espera por unha atención médica ou unha operación disuádena de esixir o cumprimento dese dereito, que é ser atendida no propio idioma.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación provoca situacións de vulnerabilidade, indefensión, supón unha discriminación por razón de lingua que sofre a parte máis fébel da relación que son as persoas doentes e cáusalle importantes trastornos a quen o solicitar.

É preciso que o Sergas rectifique e garanta materialmente o exercicio do dereito á información e á atención en galego nun ámbito tan básico como o sanitario.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a que tome de inmediato todas as medidas precisas para garantir o exercicio dos dereitos lingüísticos das persoas galego falantes no ámbito sanitario, e a p

1.- Normalizar a presenza do galego nos centros sanitarios: sinalética nos centros sanitarios, os informes entregados @s doentes, consentimentos informados, a documentación interna, a atención tanto telefónica como presenza, as ferramentas informáticas...

2.- Garantir a existencia de exemplares en galego de calquera documentación que se lle teña que facilitar xs doentes ou que teñan que asinar.

3.- Realizar todas as actuacións formativas precisas tanto para que xs profesionais teñan a competencia lingüística precisa para atender @s doentes no noso idioma como para que coñezan os dereitos lingüísticos que os asisten.

4.- Levar a cabo unha investigación e tomar as medidas disciplinarias precisas cada vez que se vulneran os dereitos lingüísticos das persoas galego falantes.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5.- Esixir que as empresas coas que ten externalizado servizos e prestacións o Sergas garantan o cumprimento dos dereitos lingüísticos das persoas galego falantes.”

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Alexandra Fernández Gómez

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 29/04/2022 13:18:28

Daniel Castro García na data 29/04/2022 13:18:34

María do Carme González Iglesias na data 29/04/2022 13:18:43

Alexandra Fernández Gómez na data 29/04/2022 13:18:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 29/04/2022 13:18:59

María Montserrat Prado Cores na data 29/04/2022 13:19:08



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, Elena Suárez Sarmiento, Carlos Gómez Salgado, José Luis Ferro Iglesias, Felisa Rodríguez Carrera e Moisés Rodríguez Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A Xunta de Galicia leva máis dunha década comprometida coa estabilización do persoal educativo no ensino non universitario galego, a través da convocatoria de numerosas prazas en diferentes ofertas públicas de emprego (OPEs).

O Goberno galego vén de presentar a folia de ruta para o desenvolvemento do proceso de estabilización docente que se inicia este ano en Galicia e que está previsto rematar ao longo do ano 2023.

Un proceso que se suma ás oposicións xa en marcha, con 2.628 prazas, e cuxas probas se realizarán a partir do 18 de xuño de tal xeito que, en total, se acadarán case as 4.000 prazas convocadas nestes dous anos.

A Lei para a redución da temporalidade e os cambios no Real Decreto que regula o ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes obrigan ás comunidades autónomas a realizar tres procesos diferentes para executar as devanditas case 4.000 prazas, supoñendo un coste económico innecesario.

Unhas modificacións que se realizaron de costas ás comunidades autónomas, coñecendo pola prensa as modificacións do real decreto e que supoñen, unha vez máis, cambiar as regras de xogo a metade de partido e establecer un sistema caótico.

A este proceso de estabilización súmase ás oposicións xa en marcha que se desenvolverán as probas para 2.484 prazas cuxa convocatoria xa foi publicada, ás que se suman outras 144 de Formación Profesional.

A este respecto, o Goberno galego xa aprobou a Oferta Pública de Emprego (OPE) para estas prazas de FP, pero non poderán convocarse estas probas ata que o Ministerio de Educación publique a norma de desenvolvemento da nova lei de FP no relativo ao novo corpo que se crea (profesores especialistas en sectores singulares da FP) e ás especialidades do extinto corpo de profesores técnicos de FP (suprimido pola nova lei de Educación) e que se integran no corpo de profesores de ensino secundario.



Isto tamén vai afectar ás prazas deste tipo que se inclúan tanto no concurso de méritos como no concurso-oposición, outras 180 prazas, o que complica aínda máis todo o calendario se esta norma non se publica antes de que se convoquen os concursos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que demande ao Goberno de España para que axilice a norma de desenvolvemento da nova lei de FP no relativo ao novo corpo que se crea (profesores especialistas en sectores singulares da FP) e ás especialidades do extinto corpo de profesores técnicos de FP”.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 29/04/2022 13:56:21

Ovidio Rodeiro Tato na data 29/04/2022 13:56:43

Teresa Egerique Mosquera na data 29/04/2022 13:57:00

María Elena Suárez Sarmiento na data 29/04/2022 13:57:12

Gómez Salgado, Carlos na data 29/04/2022 13:57:32

José Luis Ferro Iglesias na data 29/04/2022 13:57:41

María Felisa Rodríguez Carrera na data 29/04/2022 13:57:55

Rodríguez Pérez, Moisés na data 29/04/2022 13:58:09

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A epilepsia é unha enfermidade que afecta, segundo diversas aproximacións a un número próximo aos 30.000 galegos e galegas. A súa afectación ten fondas consecuencias directas sobre a saúde das persoas, e tamén sobre a súa adaptación social e inserción tanto social como laboral.

A pesares do seu tratamento, as dificultades e estigmatización que provoca xera aínda unha distancia entre os afectados e os tratamentos, que dificulta chegar con eficacia a toda a poboación que a padece. Existe, en relación a isto, un número aínda relevante de persoas que non están diagnosticadas e, por tanto, non poder ser tratadas.

As dificultades para o seu tratamento e comprensión veñen derivadas tamén das limitacións que o eido investigador sofre sobre todo o seu traballo en Galicia, polo que aínda é necesario aumentar a capacidade investigadora do noso sistema para poder ter máis e mellores respostas a este e outros problemas de enfermidades.

A unidade de referencia en Galicia para as persoas afectadas de epilepsia está no Centro Hospitalario de Santiago, facendo unha gran labor, aínda que o seu traballo podería ser exponencialmente máis produtivo no caso de contar con máis medios materiais e humanos. No mesmo sentido, e dado o elevado volume de persoas afectadas, os servizos de neuroloxía dos hospitais ven limitada a súa capacidade de traballar sobre estes casos, debido ás dificultades provocadas polas necesidades non cubertas de recursos materiais e humanos axeitados para o tratamento desta patoloxía.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elevar a dotación de recursos humana e material dos servizos de neuroloxía, que permita un maior e mellor tratamento dos afectados por epilepsia en Galicia, e fortalecer na medida do posible a unidade de referencia galega do CHUS.
2. Fomentar a investigación sanitaria que se oriente a áreas que poidan mellorar o tratamento e coñecemento da epilepsia, para poder a través da investigación avanzar na calidade de vida das persoas afectadas.

Pazo do Parlamento, 29 de abril do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 29/04/2022 15:38:32

Marina Ortega Otero na data 29/04/2022 15:38:39

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 29/04/2022 15:38:48



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, Pablo Arangüena Fernández, Paloma Castro Rey e Carmen Rodríguez Dacosta, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A conselleira de infraestruturas presentou recentemente o proxecto polo que a Xunta de Galicia ten previsto investir 1,1 millóns de euros procedentes do fondo europeo de desenvolvemento rexional na construción de sendas peonís na estrada de titularidade autonómica OU-536, que une Ourense con Pobra de Trives. Un terzo dese importe corresponde ao tramo situado fronte ás vivendas e propiedades do presidente da Deputación de Ourense, do seu pai, da súa cuñada e da familia da súa muller.

Entre Ourense e as citadas vivendas discorren 18 quilómetros da dita estrada, dos que unicamente van ser peonalizados tres quilómetros en dous tramos, un de dous quilómetros en Pereiro de Aguiar e outro dun quilómetro no concello de Esgos, xustamente fronte a esas vivendas e a nave onde o ex Presidente da Deputación almacena a súa colección de coches clásicos. Este quilómetro de senda peonil comezará xustamente na vivenda do presidente da Deputación e comunicaraa coas do resto dos seus familiares. A parte da obra que se vai construír diante das vivendas do presidente da Deputación e da súa familia costará 366.666 euros, e afectará a un tramo da estrada radicado nunha zona moi pouco poboada, a diferenza doutras polas que discorren esa estrada e de moitísimas outras de titularidade autonómica.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia, insta a Xunta de Galicia a que paralice a parte das obras de peonalización da estrada OU 536 situada fronte ás vivendas do presidente da Deputación de Ourense e da súa familia, dedicando o orzamento previsto para esa obra a outras finalidades de interese público e xeral que contribúan, ademais, ao desenvolvemento de Ourense.

Pazo do Parlamento, 29 de abril de 2022





Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 29/04/2022 16:07:05

Paloma Castro Rey na data 29/04/2022 16:07:25

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 29/04/2022 16:07:35

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 29/04/2022 16:07:47





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

No proceso de transición enerxética que estamos a vivir en todo o mundo e especialmente en toda Europa para tomar medidas que poñan freo ao cambio climático que estamos a sufrir, primeiro se viron implicadas as empresas máis contaminantes como as centrais eléctricas que utilizaban carbón como combustible e vemos como as comarcas onde se situaban estas plantas, están a sufrir os efectos deste proceso de transición enerxética.

Neste proceso de transición, outras das empresas afectadas son as que producen carburantes e para axilizar o seu proceso deberan ter o apoio das administracións co fin de diversificar as actividades que realizan e impulsar a produción de biocombustibles respectuosos na loita contra o cambio climático.

Nesta liña o Ministerio de Transición Ecolóxica e reto demográfico reuniuse coas empresas petroleiras do Estado para a creación do “grupo de traballo técnico do refino”, un foro de discusión entre a Administración e o sector empresarial para identificar, coordinar e priorizar actuacións que faciliten a necesaria descarbonización xusta do sector antes de 2050. Este grupo de traballo abordará temas como o Plan de recuperación, transformación e resiliencia; o papel do sector do refino na transición ecolóxica coa vista no 2030 e no 2050; as oportunidades do hidróxeno renovable no sector; o impulso da economía circular e a súa relevancia para o desenvolvemento de zonas rurais; os biocombustibles avanzados; a colaboración co sector público e entre o sector privado; a simplificación administrativa para o desenvolvemento de proxectos en refinerías ou a identificación de proxectos que reduzan as emisións do sector.

Sen mencionar expresamente a necesidade de avaliar os niveis de emprego que xera este sector, ninguén pode discutir o papel fundamental que ten o sector do refino para alcanzar os obxectivos de neutralidade climática, cunha participación fundamental na transformación cara a modelos enerxéticos non contaminantes como os biocarburantes avanzados e o hidróxeno renovable. Unhas iniciativas de transición que deben ter o seu centro de desenvolvemento en comarcas dependentes economicamente dos combustibles fósiles.



En Galicia temos unha refinería de petróleo de REPSOL en A Coruña con preto de 1500 empregos entre os directos e indirectos e tamén plantas de MASOL IBERIA BIOFUEL SL en Ferrol, que mantén máis de media centena de empregos entre directos e indirectos e VERTEX BIOENERGY en Curtis, con preto dun centenar de empregos entre os directos e indirectos.

A principios de marzo do 2021, o conselleiro delegado de REPSOL foi recibido polo presidente da Xunta de Galicia, para analizar os investimentos da compañía en Galicia e as posibilidades de acudir aos fondos *Next Generation* desta empresa, o presidente da Xunta falou directamente da importancia da colaboración público-privada e os seus efectos na economía e no emprego da nosa terra. Durante a dita reunión, o representante de REPSOL informou dos proxectos de REPSOL na Coruña

O Goberno da Xunta de Galicia debería poñer en marcha un “Plan de apoio ao sector dos carburantes e Galicia” con medidas que busquen investimentos nas plantas industriais existentes e outras que se puideran instalar, xa que o noso goberno debería exercer as súas competencias económicas e industriais para aproveitar a oportunidade que xurde coa aparición dos Fondos *Next Generation* nos vindeiros anos e Galicia debe estar preparada para que as empresas e investidores apostasen polo noso territorio para a consecución dun modelo enerxético máis sostible e un impulso á transición, que debe ser xusta e impulsora de novos empregos de calidade, tendo en conta da importancia de que se priorice a aplicación destes fondos naquelas comarcas cunha dependencia do sector petroquímico e outras enerxías de orixe fósil como é a da Coruña.

As informacións aparecidas nos medios de comunicación falan dos proxectos que REPSOL quere poñer en marcha para a refinería da Coruña co paraugas destes fondos europeos e tamén comezan a aparecer outros posibles proxectos nas plantas de Ferrol e Curtis e de novos investidores.

Escoitamos que REPSOL pretende desenvolver tres proxectos, un coa produción de hidróxeno renovable a partir do biogás obtido de residuos urbanos, outro para incrementar a capacidade de produción de biocombustibles coa aplicación de novas tecnoloxías aproveitando os residuos procedentes dos fogares e da industria agroalimentaria. e por ultimo o aproveitamento enerxético de focos de calor da refinería para quentar a auga dos núcleos poboacionais próximos á factoría. Tamén vimos o proxecto no porto exterior da Coruña, no que REPSOL en alianza con outras empresas coas que comparten instalacións portuarias, ten entre os seus obxectivos servir como catalizador da innovación enerxética do



sector industrial da súa contorna, mediante o uso de enerxías renovables e con cero emisións á atmosfera, e a creación dun polo industrial enerxético e mariño.

Sen subestimar os proxectos destinados ás instalacións industriais de Repsol na Coruña, entendemos que este complexo industrial non alberga ningunha das grandes actuacións que esta compañía vai a desenvolver nos vindeiros anos para as súas plantas e isto lastra o futuro da refinería coruñesa con respecto ao resto de instalacións existentes en España.

Por todo isto e para que Galicia figure nos plans de futuro das empresas, cunha aposta polo investimento nas súas plantas nesta situación de transición enerxética e o camiño cara á utilización de fontes de enerxía respectuosas co medio ambiente, o Goberno galego debería promover un plan de impulso ao sector, baixo as competencias plenas que ten en materia económica e industrial, pilotando este proceso para que non se actúe tarde tal e como sucedeu coas empresas dependentes do carbón, nas que a Xunta non fixo absolutamente nada, planificando e apoiando as empresas para que aposten polas instalacións galegas, nunha transición xusta para os seus traballadores e traballadoras.

A Xunta de Galicia ten competencias plenas en materia industrial e non pode seguir de costas ao terrible proceso de desindustrialización que afecta ao noso territorio, cun Goberno galego que non ten un plan de futuro para a industria da nosa terra, que non garante a actividade existente e non atrae novos investimentos. A comarca da Coruña tamén sofre esta desidia, disimulada polos resultados da multinacional Inditex, pero perdendo empresas como Isowat, Caramelo, R, Emesa trefilería, Sapa, a Fábrica de armas ou Aluiberica. A industria xera postos de traballo de calidade, exerce de polo tractor da economía, incide no comercio e na hostalaría e establece marcos laborais de referencia doutros sectores.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a poñer en marcha un “Plan de apoio ao sector dos carburantes en Galicia”, con medidas que busquen investimentos nas plantas industriais existentes nas comarcas afectadas e outras que se puideren instalar, ante a oportunidade que xurde coa descarbonización, na que Galicia debe estar preparada para que as empresas de carburantes aposten polo noso territorio para a consecución dun modelo enerxético máis sostible e un impulso á transición, que debe ser xusta e impulsora de novos empregos de calidade.





Pazo do Parlamento, 29 de abril de 2022

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 29/04/2022 16:48:35

María Leticia Gallego Sanromán na data 29/04/2022 16:48:53

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 29/04/2022 16:49:03



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

Este mes de abril o pasado venres día 22, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade fixo público o documento “Presentación currículos educativos Galicia”. Un documento que para Bacharelato inclúe como novidade para 2º unha materia optativa autonómica de catro sesións á semana bautizada como Patrimonio e Sociedade de Galicia. Esta decisión da Consellería vén de provocar malestar e polémica entre a comunidade educativa xa que significaría eliminar unha materia optativa chave como é o caso de Xeografía e Historia de Galicia. Esta determinación, significaría seguir afondando na redución das horas sobre a historia propia e a realidade xeográfica do país, xa que cómpre lembrar que ata o ano 2015, Xeografía e Historia de Galicia se ofertaba como materia de libre configuración autonómica con catro sesións semanais, pero ese ano Educación aplicou un desdobre da materia. Desde ese ano, a demanda destas materias segundo denuncian as e os responsables de moitos centros foi reducíndose progresivamente.

Ante esta polémica algunhas fontes da Consellería de Educación aseguran que a nova materia Patrimonio e Sociedade de Galicia incluírá os contidos de Xeografía e Historia e que todo respondería a unha confusión que estaría motivada pola nova nomenclatura. Este grupo parlamentario considera que mesturar aspectos como o patrimonio e a sociedade con contidos básicos como a nosa historia e xeografía que deberían de ser materias de referencia indiscutible supón un retroceso inxustificable e carente da mínima solidez.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a rectificar e a ofertar en segundo de Bacharelato a materia de Xeografía e Historia de Galicia como optativa autonómica.

Pazo do Parlamento, 29 de abril do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Noa Díaz Varela
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 02/05/2022 10:10:49

Noa Susana Díaz Varela na data 02/05/2022 10:10:57

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/05/2022 10:20:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz** e deputadas **María González Albert** e **Carmen Aira Díaz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 28 de outubro de 2020 publicouse a Orde pola que se establecían as bases reguladoras da concesión de axudas temporais e excepcionais aos sectores agrarios máis desfavorecidos polos efectos da Covid 19. Estas axudas viñan cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

Pois ben, na devandita Orde, no seu artigo 6, apdo. 4 establecíase, dun xeito arbitrario, coma condición para ter acceso a estas axudas ter a explotación máis de 10 vacas nutrices, condición que foi contestada desde diversas organizacións agrarias e políticas, mesmo neste Parlamento por medio de iniciativas e preguntas ao goberno.

Este artigo bloqueaba o acceso ás axudas a máis de 10.000 pequenas explotacións galegas de carne -máis da metade das que hai en activo- coma se estas non existisen, xestionasen territorio e fosen, na maioría dos casos, un ingreso complementario para familias que manteñen a súa vivenda e actividade en zonas desfavorecidas do noso País. Un xeito de discriminación arbitraria e incomprensible.

Nada que ver coa teoría que, procedente de Europa, impregna todos os discursos baratos que arredor do rural se fan por parte das institucións, nomeadamente da Xunta





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Galiza gobernada polo PP, priorizando a necesaria protección, potenciación, e apoio ás pequenas e medianas explotacións familiares... que logo, como demostran os feitos anteriormente expostos, quedan en palabras baleiras de contido.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Elaborar e ditar unha Orde especial que estableza unhas bases reguladoras de concesión de axudas temporais e excepcionais aos sectores agrarios máis desfavorecidos polos efectos da Covid 19 para explotacións con menos de 10 vacas nutrices, corrixindo así os efectos discriminatorios da Orde publicada o 28 de outubro de 2020 pola que se establecían as bases reguladoras da concesión de axudas temporais e excepcionais aos sectores agrarios máis desfavorecidos polos efectos da Covid 19 e que deixaba sen cobertura as explotacións gandeiras con menos de 10 vacas nutrices.

2. Habilitar unha partida orzamentaria para ampliar a cobertura das axudas ás explotacións con menos de 10 vacas nutrices, que a Orde de 28 de outubro de 2020 excluía.”

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2022

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
María González Albert





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 02/05/2022 10:12:35

María del Carmen Aira Díaz na data 02/05/2022 10:12:41

María González Albert na data 02/05/2022 10:12:55

Xosé Luis Rivas Cruz na data 02/05/2022 10:13:03



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Elena Candia López, Daniel Vega Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Belén Cachafeiro Anta e Miguel Prado Patiño**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Despois de 30 anos da súa posta en marcha, o programa Leader, co seu enfoque participativo e transversal, consagrouse como unha ferramenta indispensable para dinamizar o tecido socioeconómico das áreas rurais de Galicia.

O Leader é un programa de investimento que incide basicamente en dúas cuestións: a creación de emprego no rural -sobre todo aqueles que afecten ao autoemprego e á diversificación económica- e a proxectos produtivos ou non que incidan na mellora da calidade de vida da poboación rural.

A programación para a medida Leader correspondente ao período 2014-2020 réxese polo disposto nos artigos 32 ao 35 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, sobre disposicións comúns referidas aos fondos Feader, Feder, Fondo de Cohesión, FSE e FEMP, e polo disposto nos artigos do 42 ao 44 do Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural.

No momento actual, atopámonos cun Programa de desenvolvemento rural (PDR) prorrogado, nunha fase de transición cara un novo Leader 2023-2027.

Por iso, o Regulamento (UE) 2020/2220 do Parlamento Europeo e do Consello prorrogou a duración do período de programación 2014-2020 ata o 31 de decembro de 2022 e ofreceu aos Estados membros a posibilidade de financiar os seus programas de desenvolvemento rural prorrogados con cargo á asignación orzamentaria correspondente dos anos 2021 e 2022.

Galicia foi unha das primeiras autonomías en garantir a continuidade dos GDRs, a través dunha addenda aos Convenios de Colaboración, existentes entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e os GDRs que foi autorizada no Consello da Xunta do 3 de decembro de 2020. É importante destacar que grazas á continuidade



orxamentaria desta medida garántese o funcionamento axeitado dos 24 Grupos de Desenvolvemento Rural espallados por toda Galicia.

O PDR de Galicia 2014-2020, aprobado mediante a Decisión de execución da Comisión Europea, do 18 de novembro de 2015, prevé na ficha correspondente á medida 19 (Leader) a tramitación de subvencións a proxectos de cooperación a través da implantación de convocatorias públicas, promovidas pola Administración, na cal poderán participar os grupos de desenvolvemento rural de Galicia.

Por outra parte, o artigo 44 do Regulamento (UE) nº 1305/2013 regula a cooperación no ámbito da medida Leader, distinguindo entre a cooperación dentro dun estado membro (cooperación interterritorial) e a cooperación entre territorios de distintos estados membros ou con territorios de terceiros países (cooperación transnacional).

Neste senso, publicouse, por unha banda, a RESOLUCIÓN do 30 de xullo de 2018 pola que se aprobaron as bases reguladoras das axudas para a preparación e realización de proxectos de cooperación entre grupos de desenvolvemento rural, ao abeiro da medida Leader (submedida 19.3). E por outra, ao abeiro destas bases reguladoras publicouse unha convocatoria de axudas, mediante RESOLUCIÓN do 24 de setembro de 2018 pola que se convocaron subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.3 para as anualidades 2018 e 2019.

A finalidade destas subvencións é fomentar a cooperación entre os GDRs galegos ou con outros grupos de España, da Unión Europea ou de terceiros países sempre que teñan intereses comúns nun determinado ámbito, para avanzar no desenvolvemento local e na aprendizaxe mutua buscando solucións conxuntas a problemas concretos.

Unha das prioridades da Consellería de Medio Rural está sendo a loita contra o abandono da terra e traballar na súa recuperación para poñela a producir e deste xeito poder xerar actividade económica, novos postos de traballo e asentamento da poboación no rural galego.

Motivo fundamental, que supuxo o impulso e aprobación da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, a cal regula novos instrumentos para a posta en valor dos terreos agroforestais e a recuperación demográfica do medio rural representando unha gran oportunidade para o desenvolvemento rural do territorio galego.

O grupo parlamentario popular considera relevante que todos os GDRs galegos poidan seguir aproveitando ao máximo as posibilidades que ofrece o poder traballar na modalidade de cooperación, e sacarlle o máximo proveito as ferramentas que pon a disposición a nova Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.



Por outra parte, o artigo 44 do Regulamento (UE) nº 1305/2013 regula a cooperación no ámbito da medida Leader, distinguindo entre a cooperación dentro dun estado membro (cooperación interterritorial) e a cooperación entre territorios de distintos estados membros ou con territorios de terceiros países (cooperación transnacional).

Neste senso, publicouse, por unha banda, a RESOLUCIÓN do 30 de xullo de 2018 pola que se aprobaron as bases reguladoras das axudas para a preparación e realización de proxectos de cooperación entre grupos de desenvolvemento rural, ao abeiro da medida Leader (submedida 19.3). E por outra, ao abeiro destas bases reguladoras publicouse unha convocatoria de axudas, mediante RESOLUCIÓN do 24 de setembro de 2018 pola que se convocaron subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.3 para as anualidades 2018 e 2019.

A finalidade destas subvencións é fomentar a cooperación entre os GDRs galegos ou con outros grupos de España, da Unión Europea ou de terceiros países sempre que teñan intereses comúns nun determinado ámbito, para avanzar no desenvolvemento local e na aprendizaxe mutua buscando solucións conxuntas a problemas concretos.

Unha das prioridades da Consellería de Medio Rural está sendo a loita contra o abandono da terra e traballar na súa recuperación para poñela a producir e deste xeito poder xerar actividade económica, novos postos de traballo e asentamento da poboación no rural galego.

Motivo fundamental, que supuxo o impulso e aprobación da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, a cal regula novos instrumentos para a posta en valor dos terreos agroforestais e a recuperación demográfica do medio rural representando unha gran oportunidade para o desenvolvemento rural do territorio galego.

O grupo parlamentario popular considera relevante que todos os GDRs galegos poidan seguir aproveitando ao máximo as posibilidades que ofrece o poder traballar na modalidade de cooperación, e sacarlle o máximo proveito as ferramentas que pon a disposición a nova Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.



Por iso, estamos convencidos de que sería moi positivo que a medida Leader tamén no ámbito da submedida de cooperación, contemple dun xeito prioritario a posibilidade de dar soporte a proxectos de cooperación entre os Grupos de Desenvolvemento Rural vinculados a estes instrumentos, tanto a aqueles orientados ao aproveitamento agrícola, gandeiro ou forestal da terra, como son os polígonos agroforestais, as agrupacións e actuacións de xestión conxunta e os proxectos de ordenación produtiva das aldeas modelo, como a aqueles destinados a mellorar a calidade de vida da poboación rural, como son os plans de dinamización do núcleo rural das aldeas modelo.

Por todo o anterior, o Grupo parlamentario popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que, a través da Consellería de Medio Rural e ao abeiro da medida Leader (submedida 19.3), promova unha nova convocatoria de axudas para proxectos de cooperación entre grupos de desenvolvemento rural, na que se valore dun xeito prioritario aqueles proxectos que impulsen calquera dos instrumentos de mobilización ou recuperación de terras recollidos na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.”

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2022



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 02/05/2022 12:33:12

María Elena Candia López na data 02/05/2022 12:33:29

Daniel Vega Pérez na data 02/05/2022 12:33:42

Rubén Lorenzo Gómez na data 02/05/2022 12:34:00

Raquel Arias Rodríguez na data 02/05/2022 12:34:13

José Antonio Armada Pérez na data 02/05/2022 12:34:28

Cachafeiro Anta, Belén na data 02/05/2022 12:34:44

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 02/05/2022 12:34:55

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Elena Candia López, Daniel Vega Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Belén Cachafeiro Anta e Miguel Prado Patiño**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Exposición de motivos

En Galicia contamos con arredor de 11,1 millóns de parcelas catastrais catalogadas como rústicas pertencentes a 1,73 millóns de titulares, das que uns 8 millóns son forestais. Sen dúbida esta realidade leva parella unha dificultade na xestión eficiente e eficaz daqueles trámites administrativos directamente relacionados coas devanditas parcelas e titulares.

A Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia regula no seu artigo 122 e seguintes o réxime normativo de aplicación para as agrupacións forestais de xestión conxunta (AXFC), en particular o artigo 122 quater regula o seu recoñecemento e a inscrición no Rexistro administrativo de agrupacións forestais de xestión conxunta declarado no artigo 126 de dita norma.

Doutra banda a Lei 7/2012, en concreto no seu artigo 125 ter, recóllese o Rexistro voluntario de silvicultores/ as activos/as (SA), en concreto no artigo 125 ter, sobre o recoñecemento e inscrición no dito rexistro.

As agrupacións forestais de xestión conxunta así como as persoas silviculturas activas veñen de ser chamadas a xogar un papel fundamental no desenvolvemento do sector forestal de Galicia, ambas as dúas figuras atópanse incluídas nas directrices da 1ª revisión do Plan Forestal de Galicia, “Cara á neutralidade carbónica”, en concreto no Eixo III onde se recolle o fomento de fórmulas de mobilización de terras e fomento destas agrupacións.

Dende o Grupo Parlamentario Popular promoveuse a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, aprobada no mes de maio do 2021, co obxecto de levar a cabo a mobilización da terra produtiva, como impulso ao sector primario e ampliación da base territorial das explotacións.

O fomento da mobilidade das terras forestais en Galicia debe situarse no marco xeral da política de ordenación de usos e recuperación e posta en valor das terras agrarias. Dito fomento debe, de xeito prioritario, promover a dispoñibilidade dos terreos ás



diferentes iniciativas de xestión conxunta dos terreos forestais, independentemente do grao de compromiso dos titulares forestais que as compoñan.

Para o beneficio do forestal galego, entendemos que resulta prioritario avanzar no desenvolvemento dos obxectivos do plan forestal mediante a posta en marcha de procedementos voluntarios para a activación da xestión forestal privada e a promoción e desenvolvemento dunha cultura de xestión conxunta a través das distintas figuras asociativas que contribúan á mobilización das terras infrautilizadas e á loita contra o abandono do rural.

Isto constitúe ademais un avance na dixitalización do sector forestal mellorando a eficiencia na tramitación administrativa das solicitudes.

A maior parte dos propietarios forestais particulares en Galicia dispoñen dun certo número de parcelas de dimensión insuficiente para aplicar unha xestión racional e profesionalizada. Segundo os datos rexistrados polo Sistema de información xeográfica de identificación de parcelas agrícolas (Sigpac), Galicia alberga case 8 millóns de parcelas de uso forestal, preto da terceira parte (30 %) dos recintos de uso forestal de toda España: a superficie media por parcela de uso forestal de Galicia excede apenas dun cuarto de hectárea (0,28 hectáreas).

No caso do monte privado particular/familiar, o minifundismo favorece unha produtividade e rendibilidade unitaria pouco elevada, agravado pola carencia de pautas adecuadas de silvicultura, o que se acompaña dunha falta de capitalización, dificultade de comercialización de produtos forestais en calidade e cantidade e baixa competitividade.

Nesas circunstancias, o aproveitamento dos recursos forestais do monte galego efectúase moi por baixo das súas posibilidades como consecuencia da falta de xestión activa. A incidencia de incendios exerce un importante efecto disuasorio aos investimentos e traballos no monte, de modo que moitos propietarios optan por unha mera actividade recolectora ocasional mediante aproveitamentos de madeira, opción que non resulta aceptable no caso de formacións forestais de alto grao de combustibilidade.

As perspectivas para un futuro inmediato, cun proceso de envellecemento e despoboamento rural acelerados, indicarán graves dificultades por parte dos propietarios forestais incluso para coñecer a localización das súas leiras.

As ferramentas básicas con que se conta para modificar ese problema estrutural son as reestruturacións parcelarias, o fomento de fórmulas de xestión conxunta e a activación e dinamización da xestión forestal activa mediante o recoñecemento e fomento das



agrupacións forestais de xestión conxunta e a concienciación de silvicultor no propietario galego de terreos forestais.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Consellería do Medio Rural a que impulse as agrupacións forestais de xestión conxunta e a figura do silvicultor activo creadas ao abeiro da Lei 7/2012 de Montes de Galicia e da Lei 11/2021 da recuperación da terra agraria de Galicia.”

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 02/05/2022 12:37:56

María Elena Candia López na data 02/05/2022 12:38:20

Daniel Vega Pérez na data 02/05/2022 12:38:36

Rubén Lorenzo Gómez na data 02/05/2022 12:38:54

Raquel Arias Rodríguez na data 02/05/2022 12:39:11

José Antonio Armada Pérez na data 02/05/2022 12:39:31

Cachafeiro Anta, Belén na data 02/05/2022 12:39:49

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 02/05/2022 12:39:58

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Elena Candia López, Daniel Vega Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Belén Cachafeiro Anta e Miguel Prado Patiño**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Exposición de motivos

En Galicia contamos cun monte que alberga unha notable variedade de ecosistemas de grande importancia para o mantemento e riqueza da biodiversidade de flora e fauna, pois os montes desempeñan un papel moi importante na protección do solo, da paisaxe e dos sistemas hidrolóxicos.

En setembro do 2021 a Xunta de Galicia aprobaba como decreto a primeira revisión do plan forestal de Galicia que establece unha proxección do monte do futuro para o período 2021-2040, como un instrumento básico para o deseño e a execución da política forestal galega (artigo 72 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia), no que se avalía a situación do monte galego e se establecen as directrices e programas de actuación da política forestal de Galicia, así como os mecanismos de seguimento e avaliación necesarios para o seu cumprimento.

O primeiro eixo estratéxico de intervención no marco da 1ª revisión do Plan forestal de Galicia, ten por obxecto garantir a conservación dos valores ecolóxicos que alberga o monte galego, así como a prestación dos servizos ambientais que proporciona.

Resulta imprescindible a continuación e fortalecemento das liñas de mellora xenética forestal orientadas á obtención de materiais forestais de reprodución de alta calidade xenética para o seu emprego en repoboación forestal así como a obtención de maiores rendementos madeireiros.

É competencia da administración autonómica a conservación e mellora dos recursos xenéticos forestais, coa finalidade de conservar o acervo xenético forestal, fornecer o material forestal de reprodución mellorado, obter material forestal resistente a pragas e enfermidades forestais e mellorar a produción forestal en calidade e cantidade.



Dende o Grupo Parlamentario Popular consideramos moi importante coidar o noso monte, pois debemos ter en conta que a actividade humana sobre o monte, xunto coa alteración das condicións ambientais ten un impacto sobre a diversidade xenética forestal, e esta é a base fundamental da evolución e da adaptación dos ecosistemas forestais e dos seus compoñentes, tanto no espazo como no tempo.

Por iso, tendo en conta que a conservación dos recursos xenéticos forestais é un dos ámbitos definidos na Estratexia forestal europea de 2013, cremos que debe ser un dos obxectivos a empregar os fondos FEADER en Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que poña en marcha un programa de actualización e revitalización da rede de viveiros forestais e instalacións de produción de materiais forestais de reprodución”.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2022



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 02/05/2022 12:43:06

María Elena Candia López na data 02/05/2022 12:43:20

Daniel Vega Pérez na data 02/05/2022 12:43:40

Rubén Lorenzo Gómez na data 02/05/2022 12:43:56

Raquel Arias Rodríguez na data 02/05/2022 12:44:09

José Antonio Armada Pérez na data 02/05/2022 12:44:24

Cachafeiro Anta, Belén na data 02/05/2022 12:44:39

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 02/05/2022 12:44:49

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

A crise económica xerada a consecuencia da expansión da covid-19 supuxo un forte impacto económico para o pequeno e mediano comercio local. Esta crise vese agravada por unha serie de problemas:

- Incapacidade de facerlle competencia ás grandes cadeas e ós xigantes do comercio electrónico,
- Non hai relevo xeracional,
- Despoboamento da nosa terra que acelera o peche dos pequenos negocios no rural,
- E agora a crise económica derivada da guerra de Ucraína.

Toda esta situación fai que moitos pequenos e medianos comercios teñan que pechar as súas portas pola falta de liquidez dos seus negocios.

A realidade que está xurdindo ó longo destes anos debido os seus problemas estruturais, á pandemia da COVID-19 e á guerra de Ucraína, semella complicada para o sector do pequeno e mediano comercio e para o seu tecido asociativo.

Por iso, unha das preocupacións a día de hoxe para as asociacións e federacións de comerciantes, centros comerciais abertos, mercados e prazas de abasto é a emisión da orde de subvencións para este ano 2022.

Esta preocupación é produto do medo a que volva a acontecer o do ano pasado, cando non se fixeron efectivas as subvencións ata o mes de novembro. Se isto acontecese outra vez, as asociacións do sector do comercio non lles permitiría planificar, outra vez, as accións para levar a cabo con tempo suficiente, ademais de ter que xustificalas, outra vez, nun curto espazo de tempo, que xera improvisación e é o que menos precisan neste momento de crise económica.



Outra das preocupacións do asociacionismo do sector do comercio é o cambio de sistema na adxudicación das subvencións, ata agora se facían por concorrência competitiva.

Se agora a Xunta de Galicia cambia o sistema para un sistema de concorrência non competitiva non garantiría o acceso á subvención de todas as asociacións e federacións de comerciantes, centros comerciais abertos, mercados e prazas de abasto que se presentasen o que faría que moitas delas desapareceran.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Continuar co sistema de subvencións de concorrência competitiva para asociacións e federacións de comerciantes, centros comerciais abertos, mercados e prazas de abasto para este ano 2022.
2. Convocar de forma urxente as subvencións para este ano 2022 para as asociacións e federacións do comercio, centros comerciais abertos, mercados e prazas de abasto para que o tecido asociativo poda facer fronte a esta crise.
3. Incrementar neste 2022 a cantidade das subvencións para as asociacións e federacións do comercio, centros comerciais abertos, mercados e prazas de abasto para que o tecido asociativo poda facer fronte a esta crise.

Pazo do Parlamento, 29 de abril do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2022 13:53:37
Nº Rexistro: 34387
Data envío: 02/05/2022 13:53:37.927

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 02/05/2022 13:47:36

Martín Seco García na data 02/05/2022 13:48:06

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/05/2022 13:48:17

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Daniel Pérez López** e da deputada **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre a petición á Xunta para que lle solicite ao Goberno do Estado o indulto para Xesús Anxo López Pintos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As centrais sindicais maioritarias da comarca de Ferrol veñen de lanzar unha campaña social en apoio do ex-secretario comarcal da CIG, Xesús Anxo López Pintos, coa convocatoria dunha manifestación para o día 31 de maio, e máis unha recollida de sinaturas apoiando a concesión do indulto para Pintos, que foi condenado pola Audiencia Provincial da Coruña a unha pena de 6 meses e un día de prisión e inhabilitación especial do dereito de sufraxio pasivo por ese tempo, pola comisión dun delito de atentado contra axente da autoridade. Sentenza que ven de ser confirmada polo Tribunal Supremo.

Os feitos obxecto da condena tiveron lugar o 4 de outubro do ano 2012 ao finalizar unha concentración diante do Hotel Almirante de Ferrol en protesta pola política do Partido Popular, e as súas desastrosas consecuencias sociais, económicas e demográficas para a comarca de Ferrol.

A concentración fora convocada polos comités de empresa de POLIGAL e de Navantia, e a ela acudiron numerosas persoas de toda cor política e sindical en número próximo ás trescentas. Tratábase, polo tanto, duna acción plural contra a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

continua propaganda do goberno do Partido Popular, reivindicando solucións reais para os sectores produtivos da comarca, nomeadamente para o sector naval e para a empresa POLIGAL.

Nun momento determinado desta acción produciuse a detención de Xesús Anxo López Pintos de forma absolutamente violenta e arbitraria, nunha acción policial claramente dirixida contra esta persoa, que foi buscada entre a multitude por ser un dirixente de grande prestixio entre a base social do movemento sindical da comarca de Ferrol.

O dereito fundamental ao libre exercicio da actividade sindical (artigo 28 CE) ten os seus antecedentes históricos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que establece o dereito de toda persoa a fundar sindicatos e sindicarse para a defensa dos seus intereses, así como no Pacto Internacional dos Dereitos Cívís e Políticos, do 16 de decembro de 1966, que tamén establece a liberdade de asociación de orde laboral, sen permitir ao Estado menoscabar o exercicio da liberdade sindical.

Tal dereito viuse truncado aquela noite coa arbitraria detención e posterior condena xudicial, a pesar de ser vítima Xesús Anxo López Pintos de malos tratos, o que quedou plasmado nos medios de comunicación.

A figura do indulto defínese legalmente como unha forma de extinción da responsabilidade criminal. A particularidade e a esencia do indulto atópanse en que a extinción da responsabilidade penal se produce como consecuencia dunha decisión do Consello de Ministros.

Mentres que os órganos xudiciais son chamados a impartir xustiza nos termos previstos polo artigo 117 da Constitución, o Goberno débese á defensa dos





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

intereses xerais de conformidade co artigo 97 da mesma norma. E, precisamente para a consecución de tal obxectivo, a propia Constitución puxo á súa disposición a figura do indulto, entendendo que, en ocasións excepcionais, é necesaria a adopción de decisións políticas sobre cuestións previamente abordadas polo poder xudicial.

Para a concesión dun indulto será necesario que concorran en favor do condenado razóns de xustiza, equidade ou utilidade pública. E as tres concorren neste caso concreto. Non se debe esquecer o papel de Xesús Anxo López Pintos naquela concentración, onde defendía intereses, non propios, nin egoístas, senón colectivos ou xerais.

No BNG consideramos que a decisión que debe tomar o goberno respecto do indulto que se solicita para Xesús Anxo López Pintos ten que estar loxicamente motivada e atender a unha perspectiva política e social.

E a utilidade pública da súa decisión debe medirse polo efecto que proxecta sobre os intereses colectivos ou xerais, e pola transcendencia que presenta a súa adopción para o común dunha sociedade, máis aló das repercusións particulares.

O cumprimento efectivo da pena de prisión xeraría un enorme sufrimento en Xesús Anxo López Pintos e a súa familia que é francamente innecesario. Máxime cando a día de hoxe leva xa tempo en situación de xubilación e os feitos ocorreron hai case dez anos.

É por isto que o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a que se dirixa ao Goberno do Estado a fin de solicitarlle con carácter inmediato que o Consello de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ministros acorde a concesión da medida de graza de indulto a Xesús Anxo López Pintos.”

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Daniel Pérez López

Iria Carreira Pazos

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 02/05/2022 18:58:58

Daniel Pérez López na data 02/05/2022 18:59:14

Iria Carreira Pazos na data 02/05/2022 19:00:05

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 02/05/2022 19:00:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 02/05/2022 19:00:35



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e do seu deputado, Gonzalo Caballero Miguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

A Xunta de Galicia elaborou un Plan estratéxico 2015-2020 que foi aprobado no ano 2016 e dende 2019 o presidente da Xunta de Galicia leva anunciando o novo plan para o período 2022-2030, sendo o último anuncio o feito polo propio presidente Feijóo no debate de orzamentos para 2022, cando afirmou que entraría neste Parlamento no mes de xaneiro de 2022, atopándonos a mediados do mes de marzo e sen que o dito documento fose remitido á cámara.

O feito máis rechamante foi ver como o presidente da Xunta de Galicia fixo a presentación do dito Plan estratéxico 2022-2030 para Galicia o pasado 2 de marzo nun foro organizado pola Voz de Galicia e o Banco Santander e que se desenvolveu no museo Santiago Fernández-Latorre no que expuxo as liñas fundamentais do documento que diseña 20 prioridades e 70 obxectivos estratéxicos, sen que por parte da Cámara lexislativa de Galicia se teña coñecemento nin presentación del.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a presentar no Parlamento de Galicia, inmediatamente, o Plan estratéxico de Galicia 2022-2023.

Pazo do Parlamento, 3 de maio de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/05/2022 11:03:57

Gonzalo Caballero Míguez na data 03/05/2022 11:04:17





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2022 11:06:31
Nº Rexistro: 34425
Data envío: 03/05/2022 11:06:31.875

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/05/2022 11:04:31



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Marina Ortega Otero e Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos

Nas últimas eleccións municipais celebradas en maio de 2019, o PSdeG-PSOE gañou as eleccións na cidade de Ourense, sendo o partido máis votado. Sen embargo, o Partido Popular pechou un acordo con Democracia Ourensana, terceira forza política, para facer alcalde ao líder deste partido, Gonzalo Pérez Jácome.

En numerosas sesións plenarias o alcalde protagonizou momentos de tensión cunha conducta inapropiada para o clima democrático establecido no país.

O 3 de maio de 2022, os medios de comunicación cobren unha concentración diante do Concello de Ourense con motivo da folga indefinida dos traballadores e traballadoras dos autobuses urbanos da cidade. Durante o desenvolvemento da mobilización, os medios captan unha reacción agresiva por parte do alcalde cara á representación sindical, en concreto contra unha representante de CCOO a quen lle propina un empuxón.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que non se poden tolerar este tipo de comportamentos por parte de representantes institucionais e moito menos apoialos, polo que o Partido Popular debería retirar de inmediato o apoio á formación Democracia Ourensana, liderada polo alcalde Gonzalo Pérez Jácome, en sinal de protesta e reprobación por dita conduta intolerable nunha sociedade democrática.

Hoxe máis que nunca, os responsables políticos e institucionais temos que trasladar á cidadanía conductas que fomenten o diálogo e o respecto, condenando con firmeza conductas agresivas e intolerantes que fomenten a bipolarización da sociedade.



Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentan a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia rexeita a conduta do alcalde de Ourense contra unha representante sindical na concentración que se levou a cabo diante do Concello o día 3 de maio de 2022.”

Pazo do Parlamento, 3 de maio de 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero
Carmen Rodríguez Dacosta
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 03/05/2022 16:27:42

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 03/05/2022 16:27:51

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/05/2022 16:28:01



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Marina Ortega Otero, Carmen Rodríguez Dacosta, Begoña Rodríguez Rumbo, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

Nas últimas eleccións municipais celebradas en maio de 2019, o PSdeG-PSOE gañou as eleccións na cidade de Ourense, sendo o partido máis votado. Sen embargo, o Partido Popular pechou un acordo con Democracia Ourensana, terceira forza política, para facer alcalde ao líder deste partido, Gonzalo Pérez Jácome.

En numerosas sesións plenarias o alcalde protagonizou momentos de tensión cunha conducta inapropiada para o clima democrático establecido no país.

O 3 de maio de 2022, os medios de comunicación cobren unha concentración diante do Concello de Ourense con motivo da folga indefinida dos traballadores e traballadoras dos autobuses urbanos da cidade. Durante o desenvolvemento da mobilización, os medios captan unha reacción agresiva por parte do alcalde cara á representación sindical, en concreto contra unha representante de CCOO a quen lle propina un empuxón.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que non se poden tolerar este tipo de comportamentos por parte de representantes institucionais e moito menos apoialos, polo que o Partido Popular debería retirar de inmediato o apoio á formación Democracia Ourensana, liderada polo alcalde Gonzalo Pérez Jácome, en sinal de protesta e reprobación por dita conduta intolerable nunha sociedade democrática.

Hoxe máis que nunca, os responsables políticos e institucionais temos que trasladar á cidadanía conductas que fomenten o diálogo e o respecto, condenando con firmeza conductas agresivas e intolerantes que fomenten a bipolarización da sociedade.



Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentan a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia rexeita a conduta do alcalde de Ourense contra unha representante sindical na concentración que se levou a cabo diante do Concello o día 3 de maio de 2022.”

Pazo do Parlamento, 3 de maio de 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero
Carmen Rodríguez Dacosta
Begoña Rodríguez Rumbo
Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 03/05/2022 16:50:09

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 03/05/2022 16:50:18

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/05/2022 16:50:29

Paloma Castro Rey na data 03/05/2022 16:50:39

Pablo Arangüena Fernández na data 03/05/2022 16:50:58

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/05/2022 16:51:20



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Noa Díaz Varela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

No Concello de O Grove son innumerables os problemas no estado dos colexios da localidade. A situación precaria que padecen nesta localidade de máis de 11.000 veciñas e veciños precisa de atención e dunha planificación e actuación urxente por parte da Consellería máis alá das accións incompletas executadas nos últimos anos. A política de parches protagonizada desde a Consellería ten obrigado ao Concello a actuar asumindo actuacións impropias para evitar males maiores.

De feito, o Goberno municipal leva anos reclamando e agardando por unha serie de actuacións, oíndo por resposta que tiñan que esperar, que había que priorizar ao tempo que noutros municipios si se atendían obras nin tan sequera demandadas desde os concellos e menos urxentes. Con catro colexios de Educación Primaria, nos que hai escolarizadas máis de 800 nenas e nenos que merecen unhas instalacións dignas e seguras, non se entende que non se atendan as peticións trasladadas unha e outra vez desde o Concello durante estes anos, e que o alumnado e a comunidade educativa sigan padecendo unhas instalacións vellas, con moitas deficiencias, inseguras e sen os mínimos de accesibilidade.

Nos últimos dous anos a situación agravouse, debido a situación derivada da pandemia os distintos concellos asumiron gastos extraordinarios a costa dun orzamento municipal que se viu limitado á hora de acometer obras. Unhas obras que no caso dos centros da localidade son estruturais e polo tanto responsabilidade da Xunta, pero que estaba asumindo o consistorio ante o desleixo da administración autonómica. Neste contexto, asistimos con preocupación á falta de seguimento do estado dos diferentes centros, co paso do tempo ás obras que xa se viñan reclamando se suman novas actuacións tamén urxentes e necesarias.



Desde o Goberno municipal e por parte da concelleira de Educación se ten solicitado de xeito insistente unha visita da Unidade Técnica e unha reunión co xefe territorial e o propio conselleiro de Educación para acordar e marcar un calendario de actuacións prioritarias.

A marxe das necesidades que acheguen os informes técnicos que poidan ampliar a lista de necesidades, dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas recolleemos como prioritarias:

- CEIP Valle Inclán: cunha antigüidade próxima aos 50 anos precisa unha renovación integral dos baños, recentemente a Xunta de Galicia cambiou a tubaxe de auga, pero sen cambiar desaugadoiros, nin louza e azulexos, deixando polo tanto os baños a medias en nun estado aínda lamentable. Pero o máis urxente e necesario é a renovación de fiestras, falsos teitos e as luminarias por outras máis eficientes.
- CEIP Conmeniño : cambio das tubaxes ademais de cheiros non desexables hai roturas e perdas de auga. Urxe por enriba de todo unha valoración do cambio de tellado no que se leva anos facendo reparacións puntuais para evitar filtracións e humidades e a caída de tellas no patio, esta é unha reivindicación que leva anos sobre a mesa e supón un risco para a seguridade de alumnado e docentes.
- CEIP Bizocas: no mes de febreiro producíronse desprendementos na fachada e alero tomando o Concello as medidas necesarias para garantir a seguridade das nenas e nenos e solicitando un informe da unidade técnica. Esta valoración fíxose axiña e se confirma que se vai proceder a facer a reparación das zonas danadas pero semella que cómpre valorar o estado desde CEIP máis en profundidade. A pesar de ser o de menor antigüidade ten problemas estruturais serios, debido, probablemente, a unha mala elección de materiais no momento da súa construción sen atender a súa localización. Oxidacións prematuras de caleiros, problemas no forxado con



desprendementos, desaparición do material de illamento das ventás provocando entradas de auga da choiva e do vento aínda estando pechadas.

- CEIP Rosalía de Castro: desde o Concello coa colaboración do centro baldeirouse hai máis de tres anos o edificio da “casa dos mestres” poñéndoo a disposición da Xunta de Galicia. Neste espazo había un compromiso para contemplar a construción dun novo edificio de menor superficie por planta que permita aumentar o espazo dedicado a patio escolar, ximnasio, comedor, aulas de desdobre e a cesión de espazo á Anpa do centro

Este compromiso non se ten traducido en actuación algunha a día de hoxe, o paso do tempo e falta de mantemento do edificio supón ademais un grave perigo non só para a comunidade educativa senón para as e os viandantes xa que dá a unha rúa con moito uso peonil. Xa no resto do CEIP está pendente dende hai anos e comprometido o cambio da carpintería exterior e ventás, a carpintería interior. Excepto 3 aulas de Educación Infantil que se remodelaron no ano 2012 unha década despois de asumir a reforma non se ten executado.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Axendar e manter antes do fin deste curso 21/22 unha xuntanza co goberno municipal do Concello de O Grove para planificar e establecer unha folla de ruta coas actuacións prioritarias nos distintos colexios da localidade.
2. Presentar un plan de actuación con orzamento, calendario e prazos para atender as numerosas deficiencias nos CEIP de O Grove.

Pazo do Parlamento, 3 de maio do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Julio Torrado Quintela
Noa Díaz Varela

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 03/05/2022 17:48:25

Julio Torrado Quintela na data 03/05/2022 17:48:32

Noa Susana Díaz Varela na data 03/05/2022 17:48:41

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/05/2022 17:48:53





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **María González Albert, Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores** e do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre a supresión dun facultativo de medicina xeral no centro de saúde da Rúa e as medidas que debe de tomar a Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello da Rúa conta, segundo os datos do Instituto Galego de Estatística, cunha poboación de 4.245 habitantes en 2021. Dese total de habitantes un 59% está na franxa entre 18 e 65 anos mentres que o 30% é maior de 65. A media de idade no concello a día de hoxe é de 50,97 anos, o que representa 1,86 anos máis que vai un lustro. Dentro do termo municipal hai tamén dúas residencias de persoas maiores. Os Pinos, pertencente á Fundación Valdeogos, que conta con 111 prazas entre concertadas e libres e Nosa Señora de Fátima, da Fundación San Rosendo, que ten 70 prazas en total.

Non escapa polo tanto o concello da tendencia que é xeralizada, salvo contadísimas excepcións, na provincia de Ourense: envellecemento paulatino.

Do punto de vista da atención sanitaria, A Rúa pertence ao distrito sanitario de Valdeorras. O Centro de Saúde do Concello foi construído en 1982. Ten polo tanto 40 anos de antigüidade e é de titularidade municipal. Na actualidade, segundo o “Plan de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Infraestruturas Sanitarias: Atención primaria” feito público en 2021 pola Consellaría de Sanidade, atende a 4.200 TIS (Tarxetas Individuais Sanitarias).

Este centro de saúde ten moitas carencias no que se refire a instalacións e profesionais para atender á poboación. Así e todo, até o mes de abril de 2022 contaba con 4 médicos de medicina xeral, 1 pediatra, 4 enfermeiras, 1 auxiliar de enfermaría e 2 auxiliares administrativos. Ao tempo, tiña dúas unidades de apoio: odontólogo e hixienista dental.

Aos problemas derivados da propia antigüidade do edificio súmase o feito de que non foi construído para albergar un Centro de Saúde destas características. Polo tanto ten importantes carencias e deficiencias estruturais e funcionais no que ten a ver coa accesibilidade, seguridade, espazos, barreiras arquitectónicas... É por este motivo que a poboación da Rúa leva décadas loitando pola construción dun novo edificio que dea solución ás necesidades de atención sanitaria que precisa o concello.

As alarmas comezaron a soar coa propia publicación do “Plan de Infraestruturas Sanitarias: Atención primaria” antes mencionado. Aí a cidadanía comprobou por primeira vez que a Consellaría de Sanidade facía unha previsión de 6 consultas de adultos (3 de medicina e 3 de enfermería) ademais da consulta de odontoloxía (para compartir o odontólogo e hixienista), 1 sala polivalente, 1 do programa da muller, 1 consulta de pediatría e 1 de enfermería pediátrica, 1 consulta de urxencias, sala de educación sanitaria, e despacho de traballo social. Isto supuña, na práctica, a previsión da supresión dunha consulta de medicina e outra de enfermería.

A actualidade máis recente é a que segue: o pasado 30 de marzo publicábase no portal de Contratos Públicos de Galiza a tramitación ordinaria do “Contrato de servizo para a redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra de edificación:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Centro de Saúde da Rúa (Ourense), de clave OU/22/003.30. AT/004/2022”. A día de hoxe estamos pendentes de que a Axencia Galega de Infraestruturas elabore un informe técnico sobre a documentación presentada polas 3 empresas licitadoras a ese concurso. (As Mesas de Contratación reuníronse en data 28 de abril – apertura da documentación administrativa – e 3 de maio – apertura de proposicións técnicas -).

Entre toda a documentación que se adxuntaba nesa licitación aparece como Anexo II o “Plan Funcional do Centro”, que desenvolve e concretiza o resumo do plan funcional incluído no “Plan de Infraestruturas”. Ese Plan Funcional parte da situación actual no Centro de Saúde en funcionamento para facer unha previsión do cadro de persoal para o novo Centro de Saúde unha vez executado, rematado, e posto en funcionamento. Aí confírmase a eliminación dun médico de atención primaria (pasando de 4 a 3); previsión que se ve reafirmada no Anexo III (Programa de Espazos do futuro CS da Rúa) que estipula só 3 consultas de medicina para adultos así como 3 consultas de enfermaría para adultos.

Dase ademais a circunstancia de que nos últimos días tense xubilado un dos 4 médicos que até o mes pasado exercía a súa labor no Centro de Saúde da Rúa polo que, na práctica, xa son 3 as/os profesionais que están a atender á poboación adulta na Rúa.

Todo isto nun contexto de (post)pandemia e cunha poboación moi envellecida. Isto supón unha intolerábel merma da calidade na atención sanitaria incrementando substancialmente o número de TIS que pasará a atender cada médico nun contexto poboacional cunha idade media de case 51 anos.

Neste contexto é de remarcar que no Pleno ordinario do Concello da Rúa celebrado no día 2 de maio produciuse o acordo unánime dos catro grupos que fan parte





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da corporación municipal (BNG, PSOE, PP e RUA) en apoio a unha moción do PSOE que reclamaba:

1. O rexeitamento da supresión dun médico de medicina xeral no Centro de Saúde.
2. Instar á Xunta de Galiza a manter os catro médicos de medicina xeral cos que conta a actualidade o Centro de Saúde.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- Ter en conta o acordo unánime do pleno do Concello da Rúa e ectificar a súa previsión de eliminación dun médico de atención primaria e unha enfermeira no Concello da Rúa.
- Cubrir, no menor tempo posíbel, a praza de médico de atención primaria hoxe vacante pola recente xubilación dun médico.
- Reformar o Plan Funcional e o Programa de Espazos para o novo Centro de Saúde da Rúa incluídos como Anexos no Contrato de servizo para a redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra de edificación: Centro de Saúde da Rúa (Ourense), de clave OU/22/003.30. AT/004/2022 para garantir a permanencia de 4 consultas de medicina xeral e 4 consultas de enfermería para adultos.”





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2022

Asdo.: María González Albert

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 04/05/2022 09:31:55

Noa Presas Bergantiños na data 04/05/2022 09:32:02

María Montserrat Prado Cores na data 04/05/2022 09:32:12

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 04/05/2022 09:32:20

Olalla Rodil Fernández na data 04/05/2022 09:32:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Daniel Pérez López** e das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **María González Albert**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre a agresión perpetrada polo alcalde de Ourense a unha representante sindical.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Servizo xestionado por unha empresa coa concesión administrativa en precario dende o ano 2015, e que evidencia unha total falla de vontade na actualización das condicións laborais das traballadoras, tanto salariais, como de xornada de traballo, ou para a implantación de medidas elementais de conciliación laboral e familiar... polo que ás traballadoras da concesionaria municipal non lles quedou outra alternativa na procura dun proceso negociador real que a convocatoria dunha folga.

Durante a concentración das traballadoras e representantes sindicais que apoian o paro o Alcalde de Ourense -investido cos votos do seu partido e do Partido Popular – saíu da casa consistorial en dirección ao lugar no que se encontraban concentradas as traballadoras. Entendendo a existencia dunha vontade de diálogo unha representante sindical ofreceulle un megáfono para que se puidera dirixir ás persoas concentradas, tras o que o Sr. Alcalde procedeu a agredir fisicamente á coñecida sindicalista ourensá propinándolle un empurrón que non tivo continuidade por mor da intervención das persoas presentes, axentes da Policía Local inclusive.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta nova saída de ton do Alcalde ourensán, precedido de insultos a representantes cidadás, a traballadoras municipais, a creadores/as culturais, a participantes e espectadoras de probas deportivas... constitúe unha singular gravidade tanto por tratarse dunha agresión física, como por dirixirse a unha representante sindical en exercicio do seu labor de defensa dos dereitos das traballadoras.

O Partido Popular que escolleu, apoia e forma parte do goberno municipal presidido polo Sr. Pérez Jácome ven permitindo e participando non só no dispendio dos recursos públicos, senón tamén na degradación da Institución Municipal.

E por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento de Galiza

a) Expresa a súa condena pola agresión física realizada polo Alcalde de Ourense á representante sindical durante a concentración consecuencia da folga do transporte urbano, e manifesta o seu rexeitamento ante accións, como a indicada, e ás que amparan, que evidencian a total intolerancia ante expresións e manifestacións de defensa dos dereitos das persoas traballadoras.

b) Insta á Xunta de Galiza a persoarse e participar no procedemento xudicial penal que se incoare en defensa dos dereitos fundamentais e liberdades públicas infrinxidas.”

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Noa Presas Bergantiños

María González Albert

Daniel Pérez López

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 04/05/2022 09:59:39

Noa Presas Bergantiños na data 04/05/2022 09:59:44

María González Albert na data 04/05/2022 09:59:54

Daniel Pérez López na data 04/05/2022 10:00:02

Xosé Luis Bará Torres na data 04/05/2022 10:00:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas, Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 25 de febreiro de 2021 na Comisión de Sanidade, Política Social e Emprego, do Parlamento galego aprobábase por unanimidade o seguinte acordo a instancias dunha proposición non de lei presentada polo grupo parlamentario do BNG:

“O Parlamento galego insta a Xunta a asegurar a comunicación das persoas xordas no acceso á sanidade pública galega demandando da Consellería de Sanidade o compromiso de creación dunha bolsa de intérpretes a disposición do colectivo de persoas xordas as 24 horas do día.”

Transcorreu máis dun ano do mencionado acordo e non termos coñecemento de que o goberno da Xunta dera cumprimento aos termos do acordado, co que iso significa canto á falta de respecto pola institución e representación popular do propio Parlamento galego, así como por continuar o goberno do Partido Popular a evitar a vulneración dos dereitos fundamentais das persoas xordas garantindo a súa comunicación na atención sanitaria coa presenza de intérpretes de lingua de signos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta a dar cumprimento ao acordo parlamentario unánime do 25 de febreiro de 2021 co obxectivo de garantir unha comunicación de calidade para as persoas xordas no acceso á sanidade pública galega, demandando da Consellería de Sanidade o compromiso de creación dunha bolsa de intérpretes a disposición do colectivo de persoas xordas as 24 horas do día.”

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/05/2022 11:49:27

Iria Carreira Pazos na data 04/05/2022 11:49:31

María Montserrat Prado Cores na data 04/05/2022 11:49:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 04/05/2022 11:49:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre os tempos de agarda para a valoración do grao de discapacidade e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con motivo do Día da Convención internacional dos dereitos das persoas con discapacidade entidades como Cogami denunciaron os tempos de agarda que teñen que soportar nos procesos de valoración do grao de discapacidade. Malia que a situación non é homoxénea en todo o país, de media as Equipas de Valoración e Orientación tardan 12 meses en desenvolver o seu traballo chegando aos tres anos nalgúns casos.

Cómpre lembrar que o recoñecemento dun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% é a fórmula legal para o acceso aos servizos e prestacións aos que unha persoa ten dereito. Neste senso, os tempos de agarda supoñen non só unha pexa senón unha vulneración dos dereitos fundamentais das persoas con discapacidade.

n Galiza existen con carácter permanente e estrutural 7 Equipas de Valoración e Orientación (EVO) encargadas de desenvolver o procedemento de recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Ferrol e Compostela).





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para paliar as listaxes de agarda a Xunta de Galiza desenvolveu reforzos de persoal entre 2019 e 2020 que, segundo trasladou o Goberno galego en resposta escrita ao Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e malia a situación xerada pola pandemia da Covid-19, permitiron “un incremento na produtividade de valoración dos técnicos fixos de máis do 10% acumulativo”. Así as cousas, a Xunta de Galiza non fai público o número de persoas que agardan para a valoración e recoñecemento do grao de discapacidade e os tempos medios de espera malia que desde o BNG requirimos expresamente esa información.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a crear novas Equipas de Valoración e Orientación completas dotadas cos recursos materiais, humanos e económicos necesarios naquelas comarcas e provincias nas que existan maiores tempos de agarda nos procesos de valoración e recoñecemento dos graos de discapacidade para axilizar a súa tramitación e, con carácter xeral, garantir o cumprimento dos dereitos das persoas con discapacidade.”

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 04/05/2022 12:21:36

Iria Carreira Pazos na data 04/05/2022 12:21:46

Olalla Rodil Fernández na data 04/05/2022 12:21:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Daniel Castro García, Daniel Pérez López e Ramón Fernández Alfonzo** e da deputada **Carme González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, sobre as medidas que debe levar a cabo o goberno galego en relación coa comarca da Mariña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O anuncio de instalar Altri na Mariña, co acordo unánime do Parlamento galego contextualizase na crise industrial que atravesamos a nosa comarca non só nestes últimos anos senón tamén desde que Feijóo e o Partido Popular chegaron ao goberno da Xunta no 2009. Un decenio negro para A Mariña no que o Partido Popular deixa un regueiro de persoas desempregadas froito de numerosos Ertes e empresas pechadas coma ECAR, Mobles Hermida, Costiña SL, Conservas Alonso, Vestas, Sargadelos e demais empresas que tiveron como consecuencia uns 1000 postos de traballo menos.

Desde o Bloque Nacionalista Galego non se vai entrar nunha confrontación baleira sobre o lugar no que se tería que instalar Altri, pese a isto non queremos deixar de denunciar a nova traizón que a Xunta de Galiza lle volveu facer á Mariña, xa que eles e elas mesmas mostraron o seu compromiso para que esta factoría chegase á comarca mariñá.

Pola contra, queda claro que o problema non é ese, o problema é a absoluta falta de planificación industrial do Partido Popular na Xunta en todos estes anos, actuando





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sempre ao ditado de grandes multinacionais que campan ás súas anchas sen que a Xunta planifique para o país nin para A Mariña.

E sirva como exemplo deste abandono ao que o PP someteu á Mariña o paradoxo ou cinismo de que no día da Folga Xeral da Mariña do 17 de novembro do 2021 representantes do PP acudían esa mesma mañá á manifestación convocada pola Plataforma Futuro para A Mariña en Burela na que se reclamaba un Plan de Industrialización para a nosa comarca e pola tarde no Parlamento galego votaban en contra desa proposta de Plan de Industrialización presentada polo BNG, un BNG que na última década leva presentado innumerables iniciativas e emendas aos orzamentos relacionadas co emprego e a planificación industrial da comarca, sendo rexeitadas sempre polo PP.

A día de hoxe, despois do anuncio de que ALTRI se vai instalar na provincia de Lugo debemos darnos de conta de que esta decisión empresarial vén determinada polas circunstancias do territorio, que son as verdadeiras decisións políticas e a responsabilidade de que levemos 20 anos esperando por estas infraestruturas é do PP e do PSOE, que desde a Xunta e desde o Goberno do Estado tiveron e teñen a esta comarca totalmente abandonada.

Estas infraestruturas son necesarias para podermos competir cando haxa outro proxecto industrial que busque unha ubicación ao carón de vías de comunicación terrestres e marítimas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Solicitar ao Delegado do Goberno en Galiza unha reunión cos gobernos municipais da Mariña e cos sindicatos que conforman a Plataforma “Futuro para A Mariña” para tratar e axilizar a cuestión das infraestruturas pendentes na Mariña que corresponden ao Estado como a autovía A-74, a liberalización do Dique Norte de Morás para a construción dun porto comercial e a creación dunha Autoridade Portuaria Propia para San Cibrao.

2. Que o Presidente da Xunta de Galiza celebre unha reunión cos gobernos municipais da Mariña e cos sindicatos que conforman a Plataforma “Futuro para A Mariña” para tratar e axilizar a cuestión das infraestruturas pendentes na Mariña que corresponden á Xunta como a VAP San Cibrao –Ferrol e a liberalización do Dique Norte de Morás para a construción dun porto comercial, pois hai que ter en conta tamén que o estudo no que se analizou a viabilidade dese porto comercial foi feito por Portos de Galiza.”

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Daniel Pérez López

Ramón Fernández Alfonso

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 04/05/2022 12:47:32

Daniel Pérez López na data 04/05/2022 12:47:41

Ramón Fernández Alfonzo na data 04/05/2022 12:47:50

María do Carme González Iglesias na data 04/05/2022 12:47:59

Ana Pontón Mondelo na data 04/05/2022 12:48:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Carme González Iglesias** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, sobre a liquidación da empresa ALU IBÉRICA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Non por advertido deixa de causar indignación o despedimento de todo o cadro de persoal da empresa ALU IBÉRICA da Coruña.

Un proceso de peche que iniciou antiga titular da fábrica, a multinacional ALCOA, e que despois de varios anos de calvario para o conxunto do cadro de persoal, a propia ALCOA se encargou de pechar definitivamente.

Durante estes anos o cadro de persoal viviu cambios de titularidade da fábrica, incumprimentos en materia laboral de todo tipo, e mesmo comportamentos delictivos por parte dos últimos titulares da fábrica.

Mais durante todo este proceso, destacaron por graves e pola súa transcendencia os continuos incumprimentos dos compromisos gubernativos, e das responsabilidades de goberno, dos gobernos estatal e galego.

No día de hoxe, cando se fai pública a autorización xudicial para a extinción dos contratos do persoal de ALU IBÉRICA, coñecemos tamén que o xulgado do mercantil





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

competente no asunto de BARRERAS ven de escoller entre as varias ofertas presentadas a de ARMÓN, precisamente a que non garante a continuidade dos postos de traballo do estaleiro.

Estes feitos coñecidos no día de hoxe, sumados á resolución de outras crises industrias nos últimos tempos, nos mesmo ou semellantes termos, evidencian a nula vontade e compromiso da Xunta de Galiza polo emprego, e nomeadamente a ausencia dunha política industrial digna de tal nome.

Mais no caso de ALU IBÉRICA o proceso para a liquidación dos activos aínda non está pechado, mesmo aínda hai prazo para a presentación de alegacións á proposta presentada polo administrador concursal.

O futuro de 300 traballadores e traballadoras da comarca da Coruña está no aire, de igual xeito que a actividade da produción de aluminio, un sector de grande importancia na Galiza que mereceu a cualificación de estratéxico, aínda que isto non signifique nada para o goberno galego.

É por isto que o Grupo Parlamentar do BNG propón a seguinte Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:

1. Promover un foro estable de entendemento e traslado de información entre os gobernos, os administradores actuais ou futuros da fábrica, e os representantes do persoal.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Promover activamente un Plan industrial para ALU IBÉRICA que estea rematado e a disposición no momento máis oportuno do punto de vista xurídico, que garanta a continuidade do emprego e da actividade industrial, e que recolla as seguintes características:

2.1. Que conte coa participación do Goberno do estado e máis da Xunta de Galiza, aínda que sexa dun xeito temporal mentres o proxecto gaña estabilidade.

2.2. Que conte con socios industriais solventes e competitivos.

2.3. Que conte cun proveedor de enerxía que garanta un prezo competitivo e estábel.”

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 04/05/2022 12:48:13

Mercedes Queixas Zas na data 04/05/2022 12:48:26

Daniel Pérez López na data 04/05/2022 12:48:36

María do Carme González Iglesias na data 04/05/2022 12:48:46

Ana Pontón Mondelo na data 04/05/2022 12:48:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e da deputada **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 19 de febreiro de 2021 tivo lugar unha xuntanza da Comisión Galega de Cooperación Local, na que se trataron entre outros os seguintes asuntos:

- Novas propostas da Xunta de Galiza.
- Novas propostas da FEGAMP e documento de análise sobre os obxectivos pendentes.

Polo que atinxe ás demandas da FEGAMP, no documento tratado na xuntanza faise referencia ás seguintes cuestións:

- a) Compromisos pendentes contidos no acordo de desenvolvemento do pacto local galego asinado entre a Xunta e a FEGAMP.
- b) Singularmente, instar á Xunta para que asuma os servizos e as obrigas económicas que prestan os concellos sen ter competencia nin capacidade de xestión, como poden ser os custos dos centros de ensino infantil e primario, as unidades municipais de asistencia á drogodependencia, conservatorios profesionais, centros sanitarios e xulgados de paz, entre outros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c) Aprobación dunha lei autonómica de participación nos ingresos da Comunidade Autónoma dos concellos galegos consensuada coa FEGAMP na que se clarifique a participación anual e os criterios de reparto e solicitar a progresiva integración no Fondo de Cooperación Local das axudas e subvencións anuais que a Comunidade Autónoma destina ás entidades locais.

d) Política social.

-Solicitar a constitución dun grupo de traballo específico entre Xunta e FEGAMP que elabore un estudo de necesidades, custos e fontes de financiamento dos servizos sociais de Galiza, solicitando especificamente un incremento do financiamento por hora da cantidade achegada pola Xunta en relación co SAF en materia de dependencia e o incremento das cantidades achegadas pola Comunidade Autónoma en relación co Plan Concertado.

-Axenda Social Única.

e) Outras materias.

-Augas de Galicia

-Lei de benestar animal

-Transporte intermunicipal

-Compromisos sobre espazos portuarios

-Problemas sobre xestión das obrigas da Consellaría de Educación sobre a limpeza dos CPIs

-Desenvolvemento de infraestruturas de telecomunicacións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Transcorridos 15 meses desde a citada xuntanza da Comisión de Cooperación Local non temos noticias de resultados concretos nos diferentes ámbitos e materiais aos que se refire o documento da FEGAMP.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Presentar un informe sobre o desenvolvemento e cumprimento das demandas trasladadas pola FEGAMP na xuntanza da comisión de cooperación local do 19 de febreiro de 2021.
2. Asumir os servizos e obrigas económicas que prestan os concellos sen ter competencia nin capacidade de xestión, como poden ser os custos dos centros de ensino infantil e primario, as unidades municipais de asistencia á drogodependencia, conservatorios profesionais, centros sanitarios e xulgados de paz, entre outros.
3. Aprobar unha lei autonómica de participación nos ingresos da Comunidade Autónoma dos concellos galegos consensuada coa FEGAMP na que se clarifique a participación anual e os criterios de reparto e solicitar a progresiva integración no Fondo de Cooperación Local das axudas e subvencións anuais que a Comunidade Autónoma destina ás entidades locais.”

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 05/05/2022 10:24:11

Iria Carreira Pazos na data 05/05/2022 10:24:19

Xosé Luis Bará Torres na data 05/05/2022 10:24:28



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Begoña Freire Vázquez, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

Desde a promulgación do Pacto Verde Europeo e co fin do seu desenvolvemento, a normativa da UE sufriu un constante reaxuste para a consecución dos compromisos ambientais internacionais que outorguen á UE o liderado pretendido.

No caso das artes que teñen contacto co fondo mariño materialízanse en varias propostas conexas entre si: a Estratexia da UE para a biodiversidade, o futuro Plan de acción para conservar a pesca, recursos e ecosistemas mariños e o Regulamento 2336/2016 polo que se establecen condicións específicas aplicables á pesca de poboacións de augas profundas no Atlántico.

Todas estas propostas e normativas xeraron inquedaanza do sector pesqueiro tanto galego como europeo. neste sentido, p sector pesqueiro europeo promoveu a constitución da Alianza Europea de Pesca de Fondo (EBFA), que comezou a desenvolver accións para matizar e frear aquelas propostas negativas para o exercicio da pesca nos ámbitos das zonas marítimas protexidas ou daquelas artes que posúen contacto co fondo mariño.

Neste senso, a Xunta de Galicia promoveu a redacción dun estudo específico que forneza de datos reais e dunha base sólida para a toma de decisións no ámbito comunitario. Así, o *Estudo do impacto socioeconómico das propostas de limitación das artes de fondo da pesca costeira artesanal de Galicia*, foi presentado pola Consellería do Mar o 29 de abril en Bruxelas a distintos representantes da Comisión Europea para servir de base para a análise das propostas comunitarias para limitar a pesca con artes que teñan contacto cos fondos mariños, especialmente no caso da frota costeira artesanal.

En particular, este proceso de revisión desta situación ten unha nova volta de torca que comeza o 9 de novembro de 2021 cando o Parlamento Europeo iniciou o proceso de debate do proxecto de informe "*Hacia una economía azul sostenible de la UE: papel de los sectores de la pesca y la acuicultura*" (2021/2188(INI)). O 15 de decembro o Parlamento Europeo publica o texto coas 300 emendas rexistradas a dito proxecto de informe tras o seu voto na Compech e o 5 de abril de 2022 o Parlamento Europeo



emite o informe, no que nunha das propostas de resolución avoga pola prohibición, en toda a Unión, do uso da pesca de arrastre de fondo en toda as zonas mariñas protexidas.

Sobre este informe rexistráronse emendas e finalmente o 3 de maio, vótase en plenaria do PE, onde finalmente se propón o freo da prohibición da pesca de arrastre nas áreas mariñas protexidas condicionado esta eliminación á existencia de informes científicos que así o aconsellen.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición no de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Parlamento Europeo, aos Grupos Parlamentarios nel presentes e á DG Mare para amosar o seu rexeitamento ás propostas normativas ou de opinión que leven á minoración ou eliminación de emprego de artes de fondo, entendendo que o seu emprego pode ser respectuoso cos hábitats mariños nos que traballan e sinalando o impacto social e económico que estas medidas propostas poden ter, especialmente sobre a frota costeira artesanal".

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2022



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 05/05/2022 12:12:15

Teresa Egerique Mosquera na data 05/05/2022 12:12:30

José Manuel Balseiro Orol na data 05/05/2022 12:12:40

Freire Vázquez, María Begoña na data 05/05/2022 12:12:55

Ana Belén García Vidal na data 05/05/2022 12:13:07

Manuel Santos Costa na data 05/05/2022 12:13:25

María Elena Suárez Sarmiento na data 05/05/2022 12:13:37

Daniel Vega Pérez na data 05/05/2022 12:13:54

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As marismas e a desembocadura do río Baxoi, no concello de Miño, configuran un espazo de 93 hectáreas de grande valor natural, que foi proposto en 2008 e 2012 para a incorporación á Rede Natura 2000. Aínda que aparece citado como Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) e Zona Especial de Conservación (ZEC) nalgúns publicacións oficiais, a realidade é que non chegou a protexerse ao abeiro da Rede Natura, o que pon de manifesto o desleixo do goberno galego en materia de protección do patrimonio natural e da biodiversidade.

Tanto o Plan de Ordenación do Litoral como o Plan Hidrolóxico Galiza Costa salientan os valores ambientais, paisaxísticos e ecosistémicos do esteiro do Baxoi. O POL caracterizou o espazo como Área de Mellora Ambiental e Paisaxística.

No ano 2017 o Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER), da USC, elaborou un estudo para a ADR As Mariñas Betanzos e o Concello de Miño, co obxecto de fundamentar a declaración das marismas e esteiro do Baxoi como Espazo Natural de Interese Local (ENIL).

Este estudo pon de relevo os valores naturais e ambientais deste espazo, no que se identificaron 28 hábitats de interese comunitario, catro deles cualificados como





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

prioritarios, así como unha superficie significativa de ecosistemas dunares e tamén bosques de ribeira. Ademais, o informe salienta o elevado número de especies vulnerábeis ou en risco de extinción que habitan nas marismas.

A inclusión deste espazo na Rede Natura garantiría a conservación dunhas marismas cun alto valor como ecosistema costeiro, o cal está sometido desde fai tempo a unha importante presión urbanística pola proximidade á praia e polo proxecto de urbanización en Monte Piñeiro.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1. Iniciar os trámites para a inclusión das marismas do río Baxoi na Rede Natura 2000.
2. Como medida de protección, establecer neste espazo o réxime de protección cautelar ou protección preventiva, previstos nos artigos 45 e 46 da lei 5/2019 do patrimonio natural e da biodiversidade.”

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Alexandra Fernández Gómez
Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 05/05/2022 12:41:50

Alexandra Fernández Gómez na data 05/05/2022 12:42:00

Xosé Luis Bará Torres na data 05/05/2022 12:42:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Manuel Lourenzo Sobral** e da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado martes 3 de maio, coincidindo co Día da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade das Nacións Unidas, desenvolveuse simultaneamente en varias cidades unha xornada reivindicativa para denunciar as “intolerábeis agardas que deben asumir as persoas con discapacidade para poder acceder a todos os seus dereitos, causados polos retrasos tanto na avaliación do grao de discapacidade como na implantación da nova baremación da discapacidade”.

No cidade de Pontevedra tivo lugar un acto reivindicativo e de denuncia na delegación da consellaría de Sanidade, na que están ubicados os Equipos de Valoración e Observación da Discapacidade (EVO). No acto participaron representantes de COGAMI, Amizade, AGL, Alcer, Asearpo e profesionais e persoas usuarias dos servizos de COGAMI en Pontevedra.

Tal como xa denunciou o BNG en anteriores ocasións, e como puxeron de manifesto as entidades convocantes desta xornada, o tempo medio da avaliación da discapacidade é de 11 meses, chegando nalgúns casos a espera a superar os dous anos e até os tres anos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estes retrasos teñen importantes repercusións negativas na vida das persoas, xa que afectan a temas fundamentais como o acceso ao emprego, educación, accesibilidade, prestacións sanitarias e tamén a axudas económicas para compensar a desigualdade de oportunidades.

A causa principal do retraso nas baremacións é a carencia de persoal nos equipos de avaliación. Diante das denuncias reiteradas por parte de profesionais, e como resposta a iniciativas parlamentares, a Xunta anunciou a incorporación de equipos de reforzo por acúmulo de tarefas, medida que foi cualificada polo persoal dos equipos como un parche, xa que este persoal é contratado por períodos de 9 meses e non ten continuidade. Este tipo de medidas foron establecidas xa con anterioridade pola administración autonómica, cando menos desde o ano 2012, mais non conseguiron resolver o problema de fondo, que non é outro que a insuficiencia de equipos estábeis para dar resposta ao elevado número de solicitudes.

Segundo datos de 2019, existían daquela 5.560 persoas en listaxe de agarda na zona norte da provincia de Pontevedra, das cales 900 levaban máis de dous anos agardando e 500 destas aínda non foran avaliadas.

En moitos casos, debido a tempos de agarda tan prolongados, prodúcese a morte da persoa demandante sen que chegue a ser avaliada e polo tanto a acceder ás prestacións a que ten dereito.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta a contratar equipos estábeis para a avaliación da discapacidade na zona norte de Pontevedra e en toda Galiza, co obxectivo de reducir sensibelmente os tempos de agarda das persoas demandantes, que nestes momentos chegan a superar os dous anos.”

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Manuel Lourenzo Sobral
Deputados do G.P. do BNG
Olalla Rodil Fernández
Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 05/05/2022 13:19:09

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 05/05/2022 13:19:18

Olalla Rodil Fernández na data 05/05/2022 13:19:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BNG ten traído a debate a esta cámara en diferentes ocasións a situación do Centro de Saúde de Novo Mesoireiro na Coruña, a última o pasado 27 de maio de 2021.

A razón desta reiteración é que, ano tras ano, como nos confirma a veciñanza do barrio do Novo Mesoireiro, non muda a insuficiente dotación profesional médica e atención horaria conforme precisa este barrio novo da cidade da Coruña e con moi alta densidade demográfica, nomeadamente infantil.

Malia se tratar dun barrio que segue a medrar en poboación, a dotación sanitaria segue a ser a mesma que cando se abriu o Centro de Saúde en 2011. A única mellora parcial que se ten producido nos últimos anos foi a ampliación dunha praza de pediatría, non permanente, pois nin nas vacacións, nin nos permisos, nin nas baixas, esta praza é debidamente cuberta por persoal que a substitúa e, consecuentemente, a situación dun servizo insuficiente volve a se reiterar.

Queremos lembrar que a zona de influencia atende ao barrio de Novo Mesoireiro, aos núcleos poboacionais de Feáns, Mesoireiro, Vío, Elviña, Castro de Elviña e parte da Zapateira e a Urbanización de Breogán e Urbanización do Obradoiro, entre outras, e sen





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

contar núcleos e casas diseminados desta única zona semirrural do municipio da Coruña.

Asemade, e continuando coas eivas de atención, cómpre relatar que este Centro de Saúde só ten horario de atención polas mañás, de 8.00 h a 15.00, e só é empregado un dos andares do centro, o andar baixo, estando o primeiro andar infrautilizado.

A veciñanza do barrio citado, e dos demais núcleos e urbanizacións, leva anos demandando que se aumenten os servizos do Centro de Saúde, ante unha situación de desatención evidente, e que xera circunstancias de tal paradoxo como que moitas das persoas da área de influencia do centro teñan que solicitar atención, ou xa son derivadas automaticamente, a outros centros de saúde da cidade, ou mesmo, por iniciativa propia polas circunstancias, xa non cambien no que están rexistrados cando deciden ir vivir para esta contorna periférica da Coruña. Denuncian que, a pesar de ser un barrio que aumenta en poboación, que ten un dos maiores índices de nacementos de toda Galiza, con máis nenas e nenos en idade escolar da Coruña, teñen esa carencia importante deste servizo público. E denuncian que tampouco teñen servizo de transporte público directo a outros centros de saúde, onde son derivados pola falta de servizo do propio, ou aos centros de especialidades médicas da Cidade ou ao propio Chuac.

As súas demandas son básicas, ademais de ser as mesmas desde que comezaron a reivindicar as melloras do servizo: a verdadeira consolidación do servizo de pediatría, cubrindo realmente baixas, vacacións ou permisos, a dotación dunha praza máis no servizo de matrona, a dotación dunha praza máis para o servizo do médico de familia, a dotación dunha praza máis para o servizo de enfermería, a dotación dunha praza máis para os servizos administrativos e a apertura dos servizos e de atención ao público en horario de tarde.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É preciso dotar este barrio dunha cobertura sanitaria acorde ás súas necesidades dado que as instalacións do Centro de Saúde de Novo Mesoiro son novas e conta con toda unha planta baleira..

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a dotar o Centro de Saúde de Novo Mesoiro co cadro de persoal preciso para dar cobertura sanitaria a todas as persoas da súa área de influencia, consolidando o servizo de pediatría, cubrindo as baixas, vacacións ou permisos, e dotando dunha praza máis o servizo de matrona, de médico de familia, de enfermería, dotando cunha praza máis os servizos administrativos e ampliando a apertura dos servizos e de atención ao público en horario de tarde.”

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 05/05/2022 16:49:43

María Montserrat Prado Cores na data 05/05/2022 16:49:53

Iria Carreira Pazos na data 05/05/2022 16:50:00

Olalla Rodil Fernández na data 05/05/2022 16:50:10



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

A trata de persoas é un reflexo da desigualdade xa que afecta fundamentalmente a mulleres e nenas. Concibida como a nova versión da escravitude do século XXI, a trata é a terceira fonte ilegal de ingresos tralo tráfico de armas e de drogas.

Calcúlase que a explotación sexual é o destino do 80 % das vítimas de trata en todo o mundo, afectando a mulleres e nenas en máis do 75 % dos casos. É preciso, xa que logo, que todas as administracións traballen de maneira urxente e con contundencia na loita contra o que supón unha das máis graves vulneracións dos dereitos fundamentais das mulleres.

A Xunta de Galicia anunciaba recentemente que terá listo antes do verán de 2022 o I Plan galego contra a trata e a explotación sexual 2022-2024, que incorporará medidas para previr, sensibilizar e facer fronte a esta violación dos dereitos humanos, da dignidade e da liberdade da persoa, nomeadamente das mulleres.

O Grupo Parlamentario Socialista galego súmase á necesidade de que Galicia conte cun plan destas características, co que avanzaremos no desexado camiño cara á abolición da prostitución, mais entendemos que este documento debe contemplar de maneira rigorosa cada unha das accións a levar a cabo coa súa debida calendarización e orzamento, así como a debida implicación de todos os axentes que deben intervir.

Neste senso, nas alegacións ao borrador do plan o Consello Económico e Social (CES) de Galicia advirte eivas na parte da execución -falta de cronograma e accións concretas-, na dotación orzamentaria -á que non se fai unha mínima referencia, deixando así sen efectividade o seu desenvolvemento- e na avaliación.

Nas consideracións particulares do CES ao borrador do Plan, suxiren que:

- na formación e capacitación do persoal profesional se inclúa tamén o da Administración local.



- na área dedicada á investigación e mellora do coñecemento da intervención se conte co Observatorio Galego da Violencia de Xénero, que non aparece nin mencionado a pesar de que as súas funcións coinciden coas medidas recollidas neste eixo estratéxico.
- no obxectivo operativo ‘Impulsar unha persecución máis activa do delito de trata’ se empreguen tamén recursos propios da Xunta de Galicia como é a policía autonómica.

Por último, a pesar de que a Xunta de Galicia anuncia o plan para antes do verán, o propio CES advirte que ese prazo é apresurado e suxire que -dado que xa estamos a mediados do ano 2022- se estableza dende o ano 2023 e se alongue máis aló de 2024 para que exista un fortalecemento real do traballo neste eido.

Á vista das alegacións do CES ao borrador, o Grupo Socialista considera que o I Plan galego contra a trata e a explotación sexual 2022-2024 debe contar cunha maior concreción para garantir o seu éxito e desta maneira continuar coa loita necesaria contra a trata e a explotación sexual en Galicia.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que incorpore no I Plan galego contra a trata e a explotación sexual todas as alegacións ao borrador realizadas polo Consello Económico e Social de Galicia, incluíndo medidas concretas debidamente calendarizadas e orzamentadas e cos seus correspondentes mecanismos de avaliación, ademais de aumentar o seu período de vixencia

Pazo do Parlamento, 5 de maio de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 05/05/2022 16:28:10

Noelia Otero Lago na data 05/05/2022 16:28:35

Julio Torrado Quintela na data 05/05/2022 16:28:47

Marina Ortega Otero na data 05/05/2022 16:29:14

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/05/2022 16:29:32



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O Goberno municipal de Meis e a Consellería de Sanidade asinaron un acordo de compromiso de moita relevancia para este municipio, que resolvería un problema enquistado dende hai tempo sobre a construción do novo centro de saúde necesario para os veciños e veciñas de Meis.

Este acordo, que demorou moito tempo pola complexidade das negociacións e do diálogo, esixirá do Concello a decisión de obter os terreos necesarios e acordar ceder libre de cargas o necesario que demanda a Consellería de Sanidade, coas negociacións e esforzos que precisa este proceso. Durante este proceso desbotáronse outras opcións de terreos que foran propostos, por diversas razóns, ata chegar ao ideal para iniciar a obra.

Nos recentes días veuse de coñecer que a Consellería de Sanidade anuncia a súa intención de suspender unilateralmente o compromiso asinado, o que xustifica en base á posición defendida polo grupo municipal do Partido Popular que formulou no Pleno Municipal unha moción que pretendía buscar outra alternativa de terreo para a construción do centro de saúde. Esta proposta alternativa, do terreo xa no seu día desbotado pola propia Consellería en base a criterios e informes técnicos, non viu acompañada de ningún informe económico do custe, nin da súa idoneidade, nin sequera das súas mellores condicións para esta causa. Este intento de boicot debería quedar na confrontación contra o goberno municipal dun grupo que non está a favor da construción do novo centro de saúde, pero sorprendentemente a Consellería afirma aliñarse nesta cuestión cunha iniciativa plenaria dun municipio, despois de ter desbotado e afastado propostas locais de plenos municipais por unanimidade sobre situacións e necesidades de novos centros de saúde en numerosos outros concellos.

Esta advertencia, sorprendente e inusitada, abre un problema grave sobre a fiabilidade dos acordos da propia Consellería e a súa lealdade institucional, agora



aparentemente sometida a unha decisión partidista que pretende invalidar compromisos asinados do propio goberno de Galicia.

Resulta imprescindible ter unha referencia solvente sobre a fiabilidade do propio goberno de Galicia, nomeadamente da Consellería de Sanidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a cumprir o compromiso que asinou para a construción do novo centro de saúde Meis conforme aos prazos e formas que debe.

Pazo do Parlamento, 6 de maio do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 06/05/2022 11:47:53

Marina Ortega Otero na data 06/05/2022 11:48:00

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/05/2022 11:48:09



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

Segundo transcendeu nos últimos días, entre marzo e xuño de 2020 o Sergas mercou á empresa galega SIBUCU SL 2,3 millóns de mascarar -2 millóns de tipo cirúrxico e 300.000 de tipo FFP2- por un importe de 1.945.000 euros, compras realizadas mediante catro expedientes tramitados polo procedemento de emerxencia.

Pouco tempo despois da entrega das mascarar de SIBUCU, detectouse por parte do Instituto Galego de Consumo que catro lotes de mascarar FFP2 da citada empresa foran validadas pola empresa italiana ENS Certificazione Macchine SRL, que non estaba autorizada para facer esa certificación, a pesar do cal SIBUCU entregounas co marcado 'CE' que garante a adecuación á lexislación europea, a pesar do cal a Xunta continuou coa distribución das mascarar entregadas por SIBUCU.

Ningún dos expedientes de compra a SIBUCU aparece na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, como tampouco figura ningunha das contratacións de emerxencia do Sergas. O IGCC chegou a abrir expediente sancionador á empresa en xullo de 2020 por importe de 10.500 euros.

A empresa SIBUCU SL carecía por completo, no momento de efectuar as vendas de mascarar, de experiencia no mercado sanitario, que tampouco figuraba no seu obxecto social. Ademais do Sergas, a empresa vendeu mascarar á comunidade e ao concello de Madrid, entre outras administracións públicas.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que remita ao Parlamento unha relación detallada que inclúa, ademais dos contratos realizados con SIBUCU SL, a totalidade de contratos de emerxencia de compra de material sanitario realizados durante a pandemia.





Pazo do Parlamento, 5 de maio de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/05/2022 10:36:15

Paloma Castro Rey na data 06/05/2022 10:36:33

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/05/2022 10:36:44



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, Pablo Arangüena Fernández, Patricia Otero Rodríguez e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

O 8 de abril de 2022 a Xunta anunciou a construción dunha pasarela peonil que cruzaría a ría da Coruña desde a praia de Santa Cristina radicada no concello de Oleiros ata a outra beira da ría, situada no concello da Coruña. O proxecto, que costaría 8 millóns de euros, non foi consultado cos concellos afectados e polo que se coñece do mesmo ata o momento parece propio dunha concepción das infraestruturas xa superada e que vai en contra da máis moderna concepción das obras públicas (mínimo impacto ambiental e visual, integración na paisaxe e no medio, redución de custos, etc).

Investigadores do CICA da Coruña e do CSIC valoraron moi negativamente o proxecto, chegando a cualificalo de “aberración”. A asociación Mobiliza fíxo pública a proposta alternativa de usar a parte inferior da Ponte da Pasaxe para conectar ambos lados da ría, a un coste moi inferior e cun impacto tamén moito máis pequeno, ademais de que podería servir para completar o paseo marítimo a ambos lados da ría.

A necesidade de mellorar a comunicación entre ambos lados da ría é un feito e unha demanda desde hai moito tempo, pero o anuncio dunha obra que parece mal concibida, excesivamente aparatosa e custosa e que, ademais, non parece que fose consultado con ninguén non é unha boa maneira de contribuír a satisfacer esa necesidade, que debería ademais enlazar e estar coordinada coas obras de rexeneración da ría que se están levando a cabo co impulso do Goberno do Estado, que a financia integramente, e cos plans para completar o paseo marítimo entre A Coruña e Culleredo.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que abra un proceso de diálogo e análise cos concellos afectados, expertos e sociedade civil da comarca coruñesa para determinar cal é a alternativa máis económica e con menor



impacto ambiental e visual para mellorar a mobilidade sostible entre ambas partes da ría da Coruña, como paso previo a realizar calquera tipo de obra.

Pazo do Parlamento, 5 de maio de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/05/2022 10:33:16

Patricia Otero Rodríguez na data 06/05/2022 10:33:32

Paloma Castro Rey na data 06/05/2022 10:33:52

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/05/2022 10:34:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e deputados **Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha das expresións máis visíbeis e vitais da cultura galega, de forte arraigo social, son as bandas de música populares.

Un acontecemento cultural dunha dimensión única, con especial presenza no rural e nas vilas e cun maioritario protagonismo da xente moza. Son, ademais, entes de convivencia interxeracional que realizan un traballo cultural e social de incalculábel valor, desde a maior xenerosidade, altruísmo e voluntarismo, achegando a través da música valores de igualdade, esforzo, compromiso e traballo en equipo.

En Galiza teñen unha presenza xenerosa, espallada e recoñecida en todo o territorio e a súa existencia débese á implicación do asociacionismo cultural de base que contribúe para consolidar un fenómeno musical de alta participación e calidade.

Máis de 7.000 músicos, nomeadamente xente nova, pois o 70% dos músicos son menores de 30 anos, tocan nestas bandas de música populares que á súa vez están agrupadas na Federación Galega de Bandas de Música Populares, que actualmente se achega ás 95 agrupacións rexistradas, unha cifra que segue a medrar neste momento de recuperación lenta da parálise provocada pola pandemia.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A actividade desta Federación ten dado boa proba desta forza colectiva musical na organización de eventos como o Certame Galego de Bandas, que ten posto en escena edicións anuais con máis de 1.000 músicos no escenario.

Mais este éxito vén precedido do coidado á formación, sendo estas bandas auténticas escolas de música que fornecen os compoñentes das bandas de cada lugar.

Estas formacións, democratizadoras de cultura, son tamén o berce de innumerábeis músicos profesionais que nutren as máis prestixiosas orquestras sinfónicas e agrupacións profesionais do mundo, feito relevante e de prestixio para a nosa cultura.

Desde a máis lonxeva como a Banda de Música A Lira de Ribadavia (con máis de 180 anos de historia) até as máis recentes, todas elas achegan á cultura galega un gran patrimonio inmaterial de expresión artística e un importante labor social e educativo que no BNG entendemos que debe ser preservado, protexido, ademais de reforzado desde o goberno galego.

Desde o BNG entendemos que as bandas de música populares son catedrais culturais que gardan unha parte fundamental do repertorio musical creativo do pobo galego. Unha cualidade que non está a ser atendida por parte do goberno da Xunta como confirma a forte diminución orzamentaria procedente do AGADIC para este ano 2022.

Resulta incomprensíbel que nun ano, cualificado polo PP como o de maior investimento orzamentario en cultura da historia, o inxente valor das bandas de música populares se vexa minguado de forma tan notoria.

No BNG entedemos que, para darmos resposta ás demandas do sector, debe porse en valor e recoñecer debidamente o traballo cultural e formativo xerado ao redor das bandas de música populares galegas, desde un apoio económico á súa altura, así





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

como desde a articulación de espazos de visibilidade pública e conservación e protección deste patrimonio cultural colectivo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1- Reforzar o seu compromiso coa potenciación social das bandas de música populares, fomentando a creación e interpretación musical, achegando recursos para o estudo, inventario, catalogación e dixitalización dos repertorios e ampliando os circuitos de difusión e proxección exterior.

2- Comprometer orzamento da Xunta de Galiza, ao longo do próximo cuatrienio, que dea resposta ao Proxecto Da capo: A música como motor de desenvolvemento social, económico e innovador de Galicia, presentado pola Federación Galega de Bandas de Música.

3- Incoar o expediente de declaración BIC para o patrimonio inmaterial que acubillan as bandas de música galegas.”

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Daniel Castro García





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 06/05/2022 17:38:19

Daniel Castro García na data 06/05/2022 17:38:31

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 06/05/2022 17:38:43





Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior- do director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea para explicar o **Plan Anual 2022 da Cooperación Galega para o Desenvolvemento**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr/a. presidente/a da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2022 13:27:31
Nº Rexistro: 34535
Data envío: 05/05/2022 13:27:31.350

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/05/2022 13:27:28

CSV: BOPGDSPG-6VZWofJt-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 4ª, Educación e Cultura- do secretario xeral de Cultura para informar sobre **"o II Mapa de Bibliotecas de Galicia"**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr/a. presidente/a da Comisión 4ª, Educación e Cultura



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/05/2022 13:39:10
Nº Rexistro: 34792
Data envío: 11/05/2022 13:39:10.990

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/05/2022 13:39:02

CSV: BOPGDSPG-6VZWofJt-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Patricia Otero Rodríguez e Paloma Castro Rey, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A importancia das turbeiras na loita contra o cambio climático é recoñecida pola totalidade da comunidade científica. Co 3 % da superficie do planeta, as turbeiras acumulan o 30 % do CO₂ do planeta, calculándose que o volume de carbono acumulado nas turbeiras de todo o mundo é comparable ao total que hai na atmosfera, superando incluso ao acumulado nos bosques do planeta. A súa conservación, por tanto, é absolutamente fundamental na loita contra o cambio climático.

En España, a mellor representación de turbeiras está en Galicia. Entre elas figuran hábitats prioritarios da UE, en concreto as turbeiras de cobertura, que están sobre todo na serra do Xistral, no norte de Lugo e na costa norte de Ferrol, e que son case exclusivos de Galicia, pero a súa protección pública é practicamente inexistente, a pesar de que Galicia é requirida desde hai tempo (2004) pola UE pola insuficiente presenza destes hábitats na Rede Natura 2000.

As turbeiras de Galicia están entre as que presentan unha maior taxa de acumulación de carbono a nivel mundial –e, por tanto, de secuestro de CO₂ presente na atmosfera–, segundo reflicte un estudo publicado na revista “Nature Climate Change” no ano 2018, asinado por un equipo internacional no que colaboran dous investigadores do grupo de investigación Ciencia do Sistema Terra da USC, que destacaron na presentación dese traballo a nivel Galicia que as turbeiras son espazos naturais que participan en múltiples funcións ecolóxicas, como a regulación da descarga de auga cara aos ríos, a depuración de auga, servir como hábitat de biodiversidade, “ademais de ser auténticas bibliotecas nas que está escrito o noso pasado”. Igualmente, afirmaban que “Dado o delicado equilibrio entre captar e liberar carbono e, por tanto, entre pasar de sumidoiro a fonte, a protección e recuperación das turbeiras deberían ser obxectivos prioritarios tanto en Galicia como en España” e que “Se estes ecosistemas non se coidan, ese CO₂ libérase co mesmo efecto que xera a contaminación da industria. É dicir, as consecuencias para o cambio climático son as mesmas: non preservalas provoca efecto invernadoiro”.



Hai que lembrar que a pesar de múltiples recordatorios realizados no marco da Comisión Estatal de Patrimonio Natural y de la Biodiversidad, Galicia non rexistrou ata o momento ningunha zona húmida no Inventario Español de Zonas Húmedas, creado en 2004, tal e como demanda o Real decreto 435/2004, de 12 de marzo, polo que se regula este inventario nacional.

En Galicia o Decreto 127/2008 desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos de Galicia. A pesar das previsións deste decreto, ben claras e non deixadas á discrecionalidade da Administración autonómica, case 15 anos despois da entrada en vigor desa norma non existe –porque a Xunta non o elaborou– o inventario de humidais previsto detalladamente no propio decreto, que o configura como o instrumento que recollerá de forma sistemática os humidais situados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia que se atopen incluídos nalgunha das tipoloxías establecidas no anexo II, como é o caso das turbeiras, entre outros presentes en Galicia.

Por tanto, fóra dos cinco humidais Ramsar, radicados todos eles na costa e que representan unha mínima fracción dos valiosos ecosistemas deste tipo que ten Galicia, o resto dos humidais, sinaladamente as nosas valiosísimas turbeiras, non existen para a Administración galega, atopándose na actualidade sometidas estas últimas a dous tipos de ameazas fundamentais: a eucaliptización acelerada, que leva a desecar turbeiras enteiras, e o elevado número de proxectos eólicos en tramitación.

Cómpre lembrar que a conservación e xestión de espazos naturais, hábitats, flora e fauna corresponde ás comunidades autónomas que teñen asumidas estas competencias (art. 148.1.9º da Constitución española), como é o caso de Galicia, que é quen debe adoptar as medidas de conservación e xestión que sexan necesarias e quen debe cumprir e facer cumprir o ordenamento xurídico existente, que neste caso é de carácter autonómico, en desenvolvemento da normativa básica estatal.

Por iso, o deputado e as deputadas que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

- 1ª) É consciente o Goberno de Galicia da importancia de conservar as valiosísimas turbeiras de Galicia, hoxe desprotexidas na súa inmensa maioría?
- 2ª) É consciente o Goberno de Galicia de que a conservación das turbeiras representa un papel esencial e crucial na loita contra o cambio climático dado que actúan como sumidoiro natural de carbono?



3ª) É consciente o Goberno de Galicia de que en moitos lugares de Galicia estanse a plantar masivamente eucaliptos en zonas de turbeira que van ser desecadas e, por tanto, destruídas con esas plantacións?

4ª) É consciente o Goberno de Galicia de que moitos proxectos de parques eólicos poden ter un elevado impacto sobre as nosas turbeiras?

5ª) Cando vai o Goberno galego elaborar o inventario de humidais que debe elaborar obrigatoriamente segundo o Decreto 127/2008, que desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos de Galicia?

6ª) Por que non achega a Xunta de Galicia a información sobre humidais que o Estado lle ven requirindo a efectos da súa inclusión no Inventario Español de Zonas Húmedas?

Pazo do Parlamento, 28 de abril de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 28/04/2022 11:34:51

Patricia Otero Rodríguez na data 28/04/2022 11:35:06

Paloma Castro Rey na data 28/04/2022 11:35:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O rural adoce de varias doenzas que é necesario atallar, por unha banda o baleiramento de cara as cabeceiras das comarcas polas dificultades de obter os servizos básicos necesarios para unha mínima calidade de vida, para persoas adultas e as súas crianzas ou maiores.

Evidentemente hai que intervir dende o goberno da xunta e efectivamente a Consellería está a utilizar moitas ferramentas para darlle pulo ao Desenvolvemento Rural, pero queda por saber se son as ferramentas adecuadas, e para isto hai que ter avaliado a relación do que custa co resultado que da.

Medidas estrela xa instauradas como as aldeas modelo, que cobraron o ano pasado cobertura normativa, son nomeadas como exitosas sen aportar o primeiro dato que acompañe a esta afirmación. Sería pois, interesante en extremo que as medidas sexan avaliadas e revalidadas con datos claros e transparente que sirvan de xustificante para novas inversións. Véxase número de habitantes con emprendementos nesas aldeas, incremento de poboación sufrido, volume de negocio dos sectores produtivos implantados nelas, renda per cápita dos seus habitantes, cantas das que comezaron a súa andanza se manteñen no tempo, que tipo de actividade produtiva desenvolven, se é a acaída para a zona... etc





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En cambio descoñecemos estes datos, simplemente imos sabendo cantas se van declarando, sen que conste coñecemento dunha planificación previa, e que a maiores se pretende facer delas "territorios intelixentes" que dende o noso entender están ben alonxadas do espírito que en Europa se lles outorga e que no caso galego confinan ó século XXI dentro desas aldeas mentres as que están ó lado perden a cobertura móbil cando chove forte, ou ben carecen de vías de comunicación convencionais ou están nun estado de grande inhabitabilidade.

Sería preciso que se deran a información clara das análises de viabilidade do proxecto, que planificación global o soporta e acompañado dunha avaliación de resultados que entendemos que non se fixo, por isto

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Ten feito o Goberno da Xunta avaliación de resultados das aldeas modelo que se foron poñendo en funcionamento, en canto aos resultados expresados na exposición de motivos e a cantas aspira a poñer en funcionamento a consellería?

Existiu algún estudio previo que permitira planificar globalmente o desenvolvemento de aldeas modelo e que polo tanto lle dera solidez e cohesión a este proxecto?

Ten pensado a Xunta algunha medida para o resto de aldeas que complementa a ideación sobre as aldeas modelo para estender o progreso e a fixación de poboación ó resto do rural?

Ten feito un estudo de mercado global para ver de orientar a actividade produtiva de cada unha das aldeas á demanda de produtos nesa zona para garantir a economía circular e o comercio de proximidade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten a Consellería datos sobre os resultados das aldeas modelo en curso, en canto a fixación de poboación, renda per cápita, volume de negocio dos produtos?

Cantas aldeas das que comezaron perviven e cantas se desvincularon deste proxecto?

Que número máximo de Aldeas modelo pretende a Xunta desenvolver e en canto tempo?

Pensa a Consellería de Medio Rural que as actuais aldeas modelo van ser sostibles e viables no tempo sen axudas públicas continuadas?

Que fondos están sendo utilizados para o desenvolvemento das distintas aldeas modelo?

Teñen garantidos orzamentos futuros?

Que seguimento fai a Xunta de Galiza da evolución e resultado das aldeas modelo implantadas ata o de agora e que parámetros analiza?

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 29/04/2022 13:07:35

Xosé Luis Rivas Cruz na data 29/04/2022 13:07:39

María del Carmen Aira Díaz na data 29/04/2022 13:07:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias, Iria Carreira Pazos e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás medidas a tomar diante da vulneración dos dereitos lingüísticos dxs galego falantes na Consellaría de Sanidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A administración pública segue a encabezar os ataques e as vulneracións lingüísticas ao galego.

Dentro da administración destaca a Xunta de Galiza, con funcións e competencias para garantir os dereitos lingüísticos e que non só abdica da súa responsabilidade senón que é a primeira en incumprir as súas propias normas en relación ao galego.

O SERGAS é un dos organismos da Xunta que máis denuncias recibe por vulnerar os dereitos lingüísticos das persoas galegofalantes.

Un doente ven de denunciar que de novo no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, non lle facilitaron en galego a documentación que tiña que asinar para someterse a unha intervención, a razón dada polo centro hospitalario foron “burocráticos e que diante da súa negativa a aceptar estas razóns e esixir que tiña dereito a que lle entregasen a documentación en galego foi expulsado polos servizos de seguridade. Denuncia que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

levo 20 anos nesta situación, que xa presentou nove queixas por escrito para que lle entreguen os Consentimentos Informados en galego e a situación é reiterada cada vez que precisa asinar un novo documento.

Non estamos diante dun caso illado, xa que o SERGAS é un dos organismos públicos que máis denuncias recibe cada ano da cidadanía por vulneración de dereitos lingüísticos como reflicte anualmente o informe do servizo A Liña do Galego posto en marcha pola Mesa pola Normalización Lingüística”.

Esta situación é inadmisíbel, que a mesma administración pública que debe defender e velar pola garantía dos dereitos lingüísticos das persoas galegofalantes así como promover o uso normalizado da lingua galega en todos os ámbitos, públicos ou privados, sexa a principal incumpridora.

Aínda máis cando ese incumprimento se produce nunha situación de tanta vulnerabilidade como cando unha persoa precisa de atención sanitaria, vai realizar unha proba diagnóstica ou unha intervención cirúrxica.

Trátase dunha práctica constante e reiterada que vai desde a sinalética nos centros sanitarios, os informes entregados xs doentes, consentimentos informados, a documentación interna, a atención tanto telefónica como presencial, as ferramentas informáticas...

Hai probas máis que de abondo de que para a Consellaría de Sanidade non é importante a cuestión do idioma, cando se trata dun dereito, e aprovéitase de que a urxencia e a situación de vulnerabilidade na que se atopa a persoa que espera por unha atención médica ou unha operación disuádena de esixir o cumprimento dese dereito, que é ser atendida no propio idioma.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación provoca situacións de vulnerabilidade, indefensión, supón unha discriminación por razón de lingua que sofre a parte máis fébel da relación que son as persoas doentes e cáusalle importantes trastornos a quen o solicitar.

É preciso que o Sergas rectifique e garanta materialmente o exercicio do dereito á información e á atención en galego nun ámbito tan básico como o sanitario.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Vai rectificar a Consellaría de Sanidade a súa política de agresión ao idioma galego e tomar de inmediato todas as medidas precisas para garantir os dereitos lingüísticos dxs galego falantes?

Cal é a razón de persistir en non ter en galego a documentación que se lle ofrece as persoas doentes, nomeadamente o consentimento informado?

Cando van garantir a existencia de exemplares en galego de calquera documentación que se lle teña que facilitar xs doentes ou que teñan que asinar?

Vai normalizar a presenza do galego nos centros sanitarios: sinalética nos centros sanitarios, os informes entregados @s doentes, consentimentos informados, a documentación interna, a atención tanto telefónica como presenza, as ferramentas informáticas...?

Que accións formativas e informativas realiza tanto para que xs profesionais teñan a competencia lingüística precisa para atender xs doentes no noso idioma como para que coñezan os dereitos lingüísticos que os asisten?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten levado a cabo algunha investigación e tomado algunha medida disciplinaria diante das denuncias por vulneración dos dereitos lingüísticos das persoas galego falantes na sanidade?

Cales, cantas e en que datas?

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Alexandra Fernández Gómez

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 29/04/2022 13:25:41

María do Carme González Iglesias na data 29/04/2022 13:25:53

Alexandra Fernández Gómez na data 29/04/2022 13:26:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 29/04/2022 13:26:10

María Montserrat Prado Cores na data 29/04/2022 13:26:20



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A epilepsia é unha enfermidade que afecta, segundo diversas aproximacións a un número próximo aos 30.000 galegos e galegas. A súa afectación ten fondas consecuencias directas sobre a saúde das persoas, e tamén sobre a súa adaptación social e inserción tanto social como laboral.

A pesares do seu tratamento, as dificultades e estigmatización que provoca xera aínda unha distancia entre os afectados e os tratamentos, que dificulta chegar con eficacia a toda a poboación que a padece. Existe, en relación a isto, un número aínda relevante de persoas que non están diagnosticadas e, por tanto, non poder ser tratadas.

As dificultades para o seu tratamento e comprensión veñen derivadas tamén das limitacións que o eido investigador sofre sobre todo o seu traballo en Galicia, polo que aínda é necesario aumentar a capacidade investigadora do noso sistema para poder ter máis e mellores respostas a este e outros problemas de enfermidades.

A unidade de referencia en Galicia para as persoas afectadas de epilepsia está no Centro Hospitalario de Santiago, facendo unha gran labor, aínda que o seu traballo podería ser exponencialmente máis produtivo no caso de contar con máis medios materiais e humanos. No mesmo sentido, e dado o elevado volume de persoas afectadas, os servizos de neuroloxía dos hospitais ven limitada a súa capacidade de traballar sobre estes casos, debido ás dificultades provocadas polas necesidades non cubertas de recursos materiais e humanos axeitados para o tratamento desta patoloxía.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Considera o Goberno de Galicia que o tratamento e atención ás persoas que padecen epilepsia é suficientemente satisfactorio no sistema sanitario de Galicia?
2. Ten previsto o Goberno de Galicia elevar a dotación material e humana da unidade de referencia galega para o tratamento da epilepsia?
3. Considera o Goberno de Galicia a posibilidade de aumentar a dotación humana e material dos servizos de neuroloxía dos centros hospitalarios de Galicia?
4. Ten coñecemento o Goberno de Galicia que existan liñas de investigación en Galicia que poidan ofrecer resultados e aportacións para mellorar a atención ás persoas afectadas de epilepsia?

Pazo do Parlamento, 29 de abril do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 29/04/2022 15:37:33

Marina Ortega Otero na data 29/04/2022 15:37:41



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Paloma Castro Rey e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A conselleira de infraestruturas presentou recentemente o proxecto polo que a Xunta de Galicia ten previsto investir 1,1 millóns de euros procedentes do fondo europeo de desenvolvemento rexional na construción de sendas peonís na estrada de titularidade autonómica OU-536, que une Ourense con Pobra de Trives. Un terzo dese importe corresponde ao tramo situado fronte ás vivendas e propiedades do presidente da Deputación de Ourense, do seu pai, da súa cuñada e da familia da súa muller.

Entre Ourense e as citadas vivendas discorren 18 quilómetros da dita estrada, dos que unicamente van ser peonalizados tres quilómetros en dous tramos, un de dous quilómetros en Pereiro de Aguiar e outro dun quilómetro no concello de Esgos, xustamente fronte a esas vivendas e a nave onde o ex Presidente da Deputación almacena a súa colección de coches clásicos. Este quilómetro de senda peonil comezará xustamente na vivenda do presidente da Deputación e comunicaraa coas do resto dos seus familiares. A parte da obra que se vai construír diante das vivendas do presidente da Deputación e da súa familia costará 366.666 euros, e afectará a un tramo da estrada radicado nunha zona moi pouco poboada, a diferenza doutras polas que discorren esa estrada e de moitísimas outras de titularidade autonómica.

Por iso, o deputado e as deputadas que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Cal é o motivo de que dos 18 quilómetros de estrada que hai entre Ourense e as vivendas do presidente da Deputación e da súa familia, unicamente se fagan obras en 3 kms e un estea, precisamente, radicado fronte ás citadas vivendas?

2ª) Considerando que as vivendas da familia do presidente da Deputación están nunha zona particularmente despoboadada e que a estrada OU 536 pasa por zonas moito máis poboadas, é consciente o Goberno galego de que a obra ten unha relación custo-beneficio moi negativa agás para o presidente da Deputación?



3ª) Dispón o Goberno galego dalgún estudo ou informe que xustifique a conveniencia de construír sendas peonís xustamente nese lugar?

4ª) Que parte dos arredor de 5.500 kms de estradas de titularidade autonómica peonalizou ou ten previsto peonalizar o Goberno galego?

Pazo do Parlamento, 29 de abril de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 29/04/2022 15:57:13

Paloma Castro Rey na data 29/04/2022 15:57:26

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 29/04/2022 15:57:36





Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

No proceso de transición enerxética que estamos a vivir en todo o mundo e especialmente en toda Europa para tomar medidas que poñan freo ao cambio climático que estamos a sufrir, primeiro se viron implicadas as empresas máis contaminantes como as centrais eléctricas que utilizaban carbón como combustible e vemos como as comarcas onde se situaban estas plantas, están a sufrir os efectos deste proceso de transición enerxética.

Neste proceso de transición, outras das empresas afectadas son as que producen carburantes e para axilizar o seu proceso deberan ter o apoio das administracións co fin de diversificar as actividades que realizan e impulsar a produción de biocombustibles respectuosos na loita contra o cambio climático.

Nesta liña o Ministerio de Transición Ecolóxica e reto demográfico reuniuse coas empresas petroleiras do Estado para a creación do “grupo de traballo técnico do refino”, un foro de discusión entre a Administración e o sector empresarial para identificar, coordinar e priorizar actuacións que faciliten a necesaria descarbonización xusta do sector antes de 2050. Este grupo de traballo abordará temas como o Plan de recuperación, transformación e resiliencia; o papel do sector do refino na transición ecolóxica coa vista no 2030 e no 2050; as oportunidades do hidróxeno renovable no sector; o impulso da economía circular e a súa relevancia para o desenvolvemento de zonas rurais; os biocombustibles avanzados; a colaboración co sector público e entre o sector privado; a simplificación administrativa para o desenvolvemento de proxectos en refinerías ou a identificación de proxectos que reduzan as emisións do sector.

Sen mencionar expresamente a necesidade de avaliar os niveis de emprego que xera este sector, ninguén pode discutir o papel fundamental que ten o sector do refino para alcanzar os obxectivos de neutralidade climática, cunha participación fundamental na transformación cara a modelos enerxéticos non contaminantes como os biocombustibles avanzados e o hidróxeno renovable. Unhas iniciativas de transición que deben ter o seu centro de desenvolvemento en comarcas dependentes economicamente dos combustibles fósiles.



En Galicia temos unha refinería de petróleo de REPSOL en A Coruña con preto de 1500 empregos entre os directos e indirectos e tamén plantas de MASOL IBERIA BIOFUEL SL en Ferrol, que mantén máis de media centena de empregos entre directos e indirectos e VERTEX BIOENERGY en Curtis, con preto dun centenar de empregos entre os directos e indirectos.

A principios de marzo do 2021, o conselleiro delegado de REPSOL foi recibido polo presidente da Xunta de Galicia, para analizar os investimentos da compañía en Galicia e as posibilidades de acudir aos fondos *Next Generation* desta empresa, o presidente da Xunta falou directamente da importancia da colaboración público-privada e os seus efectos na economía e no emprego da nosa terra. Durante a dita reunión, o representante de REPSOL informou dos proxectos de REPSOL na Coruña

O Goberno da Xunta de Galicia debería poñer en marcha un “Plan de apoio ao sector dos carburantes e Galicia” con medidas que busquen investimentos nas plantas industriais existentes e outras que se puideran instalar, xa que o noso goberno debería exercer as súas competencias económicas e industriais para aproveitar a oportunidade que xurde coa aparición dos Fondos *Next Generation* nos vindeiros anos e Galicia debe estar preparada para que as empresas e investidores apostasen polo noso territorio para a consecución dun modelo enerxético máis sostible e un impulso á transición, que debe ser xusta e impulsora de novos empregos de calidade, tendo en conta da importancia de que se priorice a aplicación destes fondos naquelas comarcas cunha dependencia do sector petroquímico e outras enerxías de orixe fósil como é a da Coruña.

As informacións aparecidas nos medios de comunicación falan dos proxectos que REPSOL quere poñer en marcha para a refinería da Coruña co paraugas destes fondos europeos e tamén comezan a aparecer outros posibles proxectos nas plantas de Ferrol e Curtis e de novos investidores.

Escoitamos que REPSOL pretende desenvolver tres proxectos, un coa produción de hidróxeno renovable a partir do biogás obtido de residuos urbanos, outro para incrementar a capacidade de produción de biocombustibles coa aplicación de novas tecnoloxías aproveitando os residuos procedentes dos fogares e da industria agroalimentaria. e por ultimo o aproveitamento enerxético de focos de calor da refinería para quentar a auga dos núcleos poboacionais próximos á factoría. Tamén vimos o proxecto no porto exterior da Coruña, no que REPSOL en alianza con outras empresas coas que comparten instalacións portuarias, ten entre os seus obxectivos servir como catalizador da innovación enerxética do



sector industrial da súa contorna, mediante o uso de enerxías renovables e con cero emisións á atmosfera, e a creación dun polo industrial enerxético e mariño.

Sen subestimar os proxectos destinados ás instalacións industriais de Repsol na Coruña, entendemos que este complexo industrial non alberga ningunha das grandes actuacións que esta compañía vai a desenvolver nos vindeiros anos para as súas plantas e isto lastra o futuro da refinería coruñesa con respecto ao resto de instalacións existentes en España.

Por todo isto e para que Galicia figure nos plans de futuro das empresas, cunha aposta polo investimento nas súas plantas nesta situación de transición enerxética e o camiño cara á utilización de fontes de enerxía respectuosas co medio ambiente, o Goberno galego debería promover un plan de impulso ao sector, baixo as competencias plenas que ten en materia económica e industrial, pilotando este proceso para que non se actúe tarde tal e como sucedeu coas empresas dependentes do carbón, nas que a Xunta non fixo absolutamente nada, planificando e apoiando as empresas para que aposten polas instalacións galegas, nunha transición xusta para os seus traballadores e traballadoras.

A Xunta de Galicia ten competencias plenas en materia industrial e non pode seguir de costas ao terrible proceso de desindustrialización que afecta ao noso territorio, cun Goberno galego que non ten un plan de futuro para a industria da nosa terra, que non garante a actividade existente e non atrae novos investimentos. A comarca da Coruña tamén sofre esta desidia, disimulada polos resultados da multinacional Inditex, pero perdendo empresas como Isowat, Caramelo, R, Emesa trefilería, Sapa, a Fábrica de armas ou Aluiberica. A industria xera postos de traballo de calidade, exerce de polo tractor da economía, incide no comercio e na hostalaría e establece marcos laborais de referencia doutros sectores.

Por todo iso, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Que medidas está a tomar o Goberno galego para apoiar ás empresas do sector de carburantes en Galicia ante o proceso de transición enerxética?

2ª) Cre o Goberno galego que debe de impulsar un plan de apoio ao sector dos carburantes na nosa terra, con medidas que busquen investimentos nas plantas industriais existentes e outras que se puideren instalar?

Pazo do Parlamento, 29 de abril de 2022





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2022 17:08:18
Nº Rexistro: 34342
Data envío: 29/04/2022 17:08:18.042

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 29/04/2022 16:51:17

María Leticia Gallego Sanromán na data 29/04/2022 16:51:34

CSV: BOPGDSPG-6VZWofJH-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Este mes de abril o pasado venres día 22, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade fixo público o documento “Presentación currículos educativos Galicia”. Un documento que para Bacharelato inclúe como novidade para 2º unha materia optativa autonómica de catro sesións á semana bautizada como Patrimonio e Sociedade de Galicia. Esta decisión da Consellería vén de provocar malestar e polémica entre a comunidade educativa xa que significaría eliminar unha materia optativa chave como é o caso de Xeografía e Historia de Galicia. Esta determinación, significaría seguir afondando na redución das horas sobre a historia propia e a realidade xeográfica do país, xa que cómpre lembrar que ata o ano 2015, Xeografía e Historia de Galicia se ofertaba como materia de libre configuración autonómica con catro sesións semanais, pero ese ano Educación aplicou un desdobre da materia. Desde ese ano, a demanda destas materias segundo denuncian as e os responsables de moitos centros foi reducíndose progresivamente.

Ante esta polémica algunhas fontes da Consellería de Educación aseguran que a nova materia Patrimonio e Sociedade de Galicia incluírá os contidos de Xeografía e Historia e que todo respondería a unha confusión que estaría motivada pola nova nomenclatura. Este grupo parlamentario considera que mesturar aspectos como o patrimonio e a sociedade con contidos básicos como a nosa historia e xeografía que deberían de ser materias de referencia indiscutible supón un retroceso inxustificable e carente da mínima solidez.



Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cales son os motivos para ter eliminado esta materia?
2. Non considera que a mestura de contidos que están a defender para argumentar o cambio dilúe o peso e as posibilidades de achegar ás e aos estudantes a xeografía e historia galega?

Pazo do Parlamento, 29 de abril do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago

Noa Díaz Varela

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 02/05/2022 10:09:44

Noa Susana Díaz Varela na data 02/05/2022 10:09:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 28 de outubro de 2020 publicouse a Orde pola que se establecían as bases reguladoras da concesión de axudas temporais e excepcionais aos sectores agrarios máis desfavorecidos polos efectos da Covid 19. Estas axudas viñan cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

Pois ben, na devandita Orde, no seu artigo 6, apdo. 4 establecíase, dun xeito arbitrario, coma condición para ter acceso a estas axudas ter a explotación máis de 10 vacas nutrices, condición que foi contestada desde diversas organizacións agrarias e políticas, mesmo neste Parlamento por medio de iniciativas e preguntas ao goberno.

Este artigo bloqueaba o acceso ás axudas a máis de 10.000 pequenas explotacións galegas de carne -máis da metade das que hai en activo- coma se estas non existisen, xestionasen territorio e fosen, na maioría dos casos, un ingreso complementario para familias que manteñen a súa vivenda e actividade en zonas desfavorecidas do noso País. Un xeito de discriminación arbitraria e incomprensible.

Nada que ver coa teoría que, procedente de Europa, impregna todos os discursos baratos que arredor do rural se fan por parte das institucións, nomeadamente da Xunta de Galiza gobernada polo PP, priorizando a necesaria protección, potenciación, e apoio





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ás pequenas e medianas explotacións familiares... que logo, como demostran os feitos anteriormente expostos, quedan en palabras baleiras de contido.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Vai continuar o goberno galego a discriminar as pequenas e medianas explotacións da cobertura de axudas diversas contravindo as directrices marcadas desde a UE ?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2022

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 02/05/2022 10:21:19

María González Albert na data 02/05/2022 10:21:23





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 02/05/2022 10:21:33



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A crise económica xerada a consecuencia da expansión da covid-19 supuxo un forte impacto económico para o pequeno e mediano comercio local. Esta crise vese agravada por unha serie de problemas:

- Incapacidade de facerlle competencia ás grandes cadeas e ós xigantes do comercio electrónico,
- Non hai relevo xeracional,
- Despoboamento da nosa terra que acelera o peche dos pequenos negocios no rural,
- E agora a crise económica derivada da guerra de Ucraína.

Toda esta situación fai que moitos pequenos e medianos comercios teñan que pechar as súas portas pola falta de liquidez dos seus negocios.

A realidade que está xurdindo ó longo destes anos debido os seus problemas estruturais, á pandemia da COVID-19 e á guerra de Ucraína, semella complicada para o sector do pequeno e mediano comercio e para o seu tecido asociativo.

Por iso, unha das preocupacións a día de hoxe para as asociacións e federacións de comerciantes, centros comerciais abertos, mercados e prazas de abasto é a emisión da orde de subvencións para este ano 2022.

Esta preocupación é produto do medo a que volva a acontecer o do ano pasado, cando non se fixeron efectivas as subvencións ata o mes de novembro. Se isto acontecese outra vez, as asociacións do sector do comercio non lles permitiría planificar, outra vez, as accións para levar a cabo con tempo suficiente, ademais de ter que xustificalas, outra vez, nun curto espazo de tempo, que xera improvisación e é o que menos precisan neste momento de crise económica.

Outra das preocupacións do asociacionismo do sector do comercio é o cambio de sistema na adxudicación das subvencións, ata agora se facían por concorrência competitiva.



Se agora a Xunta de Galicia cambia o sistema para un sistema de concorrência non competitiva non garantiría o acceso á subvención de todas as asociacións e federacións de comerciantes, centros comerciais abertos, mercados e prazas de abasto que se presentasen o que faría que moitas delas desapareceran.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Vai a Xunta de Galicia a continuar co sistema de subvencións de concorrência competitiva para asociacións e federacións de comerciantes, centros comerciais abertos, mercados e prazas de abasto para este ano 2022?
2. Ten pensado o Goberno galego convocar de forma urxente as subvencións para este ano 2022 para as asociacións e federacións do comercio, centros comerciais abertos, mercados e prazas de abasto para que o tecido asociativo poda facer fronte a esta crise?
3. Vai a Xunta de Galicia a Incrementar neste 2022 a cantidade das subvencións para as asociacións e federacións do comercio, centros comerciais abertos, mercados e prazas de abasto para que o tecido asociativo poda facer fronte a esta crise?

Pazo do Parlamento, 29 de abril do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 02/05/2022 13:47:05

Martín Seco García na data 02/05/2022 13:47:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Carreira Pazos, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a adquisición pola Xunta de Galiza de varias parcelas no barrio das Lagoas en Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza vén de formalizar a adquisición de 4 parcelas na Avenida Otero Pedraio en Ourense para, supostamente, a construción dun edificio administrativo no que residenciar a totalidade das dependencias administrativas da Xunta de Galiza en Ourense. Segundo publicou o goberno galego o importe da adquisición das parcelas foi de 8,4 millóns de euros.

Malia que o Secretario Xeral Técnico e de Patrimonio da Consellaría de Facenda e Administración Pública compareceu até en dúas ocasións na Comisión Primeira do Parlamento de Galiza para responder a preguntas do BNG sobre este particular, o certo é que a Xunta de Galiza aínda non tivo a ben clarexar as cuestións formuladas por este grupo parlamentario. O comparecente unicamente recoñeceu que a Xunta de Galiza adquirira as parcelas sen que existira previo proxecto ou anteprojecto para a construción dun edificio de usos administrativos nas parcelas que se adquirirían.

Certamente resulta sorprendente que o goberno galego destinara nos orzamentos de 2021 unha partida de 2 millóns de euros para o acondicionamento para usos administrativos do inmovible do PAC da rúa Concello de Ourense e que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

inopinadamente e sen proxectos previos, acordase a adquisición de 4 parcelas nun solar no barrio das Lagoas.

Igualmente elocuente resulta a ausencia de respostas ás preguntas formuladas polo BNG, como igualmente ilustrativo é o incumprimento pola Xunta de Galiza da remisión ao Parlamento da documentación solicitada pola Institución de representación cidadá.

Segundo consta no Concello de Ourense as parcelas agora adquiridas pola Xunta de Galiza con ocasión da aprobación do proxecto de compensación foron valoradas en pouco máis de 4,9 M€, sendo adquiridas polo goberno galego en decembro de 2021 por 8,4 M€, IVE incluído.

O singular do investimento realizado, así como a inexistencia de proxecto previo, como a falla absoluta de transparencia da Xunta de Galiza sobre esta acción, lévannos a formular a seguinte interpelación:

É habitual que a Xunta de Galiza realice compravendas de inmóbeis por importe de varios millóns de euros sen a previa elaboración dun proxecto ou, cando menos, un anteprojecto que informe da viabilidade do que fin que se pretende?

No momento da compravenda cal era o uso urbanístico permitido nas parcelas adquiridas?

Con carácter previo a adquisición informou a Xunta de Galiza ao Concello de Ourense da intención de construír o edificio administrativo na zona das Lagoas?

Entende o goberno galego que a construción dun edificio administrativo no barrio das Lagoas implicará un incremento do tránsito na zona, tanto viario como peonil?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Examinou a Xunta de Galiza outros solares ou espazos para a construción do edificio administrativo? No seu caso, cales e en consistiron os estudos e en que datas foron realizados?

Realizou a Xunta de Galiza algún tipo de xestión cos propietarios doutros inmóbeis para a súa adquisición?

Como foron as xestións e/ou negociacións coa propiedade das parcelas finalmente adquiridas?

Realizou algunha taxación e/ou valoración previa a compravenda das parcelas? Quen a fixo, en que data e cal foi o resultado?

Por que razón a Xunta de Galiza comprou 4 parcelas e non 2, 3 ou 5, se non existía proxecto ou anteproxecto previo que reclamase unha superficie determinada?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 02/05/2022 18:30:02

Noa Presas Bergantiños na data 02/05/2022 18:30:05

Iria Carreira Pazos na data 02/05/2022 18:30:17

Xosé Luis Bará Torres na data 02/05/2022 18:30:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos,
deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do
disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 25 de febreiro de 2021 na Comisión de Sanidade, Política Social e Emprego, do
Parlamento galego aprobábase por unanimidade o seguinte acordo a instancias dunha
proposición non de lei presentada polo grupo parlamentario do BNG:

*“O Parlamento galego insta a Xunta a asegurar a comunicación das persoas
xordas no acceso á sanidade pública galega demandando da Consellería de Sanidade o
compromiso de creación dunha bolsa de intérpretes a disposición do colectivo de persoas
xordas as 24 horas do día.”*

Transcorreu máis dun ano do mencionado acordo e non termos coñecemento de
que o goberno da Xunta dera cumprimento aos termos do acordado, co que iso significa
canto á falta de respecto pola institución e representación popular do propio Parlamento
galego, así como por continuar o goberno do Partido Popular a evitar a vulneración dos
dereitos fundamentais das persoas xordas garantindo a súa comunicación na atención
sanitaria coa presenza de intérpretes de lingua de signos.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é a razón pola que o goberno galego non da cumprimento ao acordo unánime parlamentario que compromete garantir a comunicación das persoas xordas na asistencia sanitaria a través de intérpretes de linguas de signos?

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 04/05/2022 12:00:33

María Montserrat Prado Cores na data 04/05/2022 12:00:44

Iria Carreira Pazos na data 04/05/2022 12:00:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre os tempos de agarda para a valoración do grao de discapacidade e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con motivo do Día da Convención internacional dos dereitos das persoas con discapacidade entidades como Cogami denunciaron os tempos de agarda que teñen que soportar nos procesos de valoración do grao de discapacidade. Malia que a situación non é homoxénea en todo o país, de media as Equipas de Valoración e Orientación tardan 12 meses en desenvolver o seu traballo chegando aos tres anos nalgúns casos.

Cómpre lembrar que o recoñecemento dun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% é a fórmula legal para o acceso aos servizos e prestacións aos que unha persoa ten dereito. Neste senso, os tempos de agarda supoñen non só unha pexa senón unha vulneración dos dereitos fundamentais das persoas con discapacidade.

n Galiza existen con carácter permanente e estrutural 7 Equipas de Valoración e Orientación (EVO) encargadas de desenvolver o procedemento de recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Ferrol e Compostela).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para paliar as listaxes de agarda a Xunta de Galiza desenvolveu reforzos de persoal entre 2019 e 2020 que, segundo trasladou o Goberno galego en resposta escrita ao Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e malia a situación xerada pola pandemia da Covid-19, permitiron “un incremento na produtividade de valoración dos técnicos fixos de máis do 10% acumulativo”. Así as cousas, a Xunta de Galiza non fai público o número de persoas que agardan para a valoración e recoñecemento do grao de discapacidade e os tempos medios de espera malia que desde o BNG requirimos expresamente esa información.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación :

- . Que valoración fai da situación actual a Xunta de Galiza?
- . Cantas persoas están a agardar pola valoración da discapacidade en Galiza?
- . Cantas en cada provincia?
- . Canto tempo levan a agardar para ser valoradas? Canto até que se lles recoñece o grao de discapacidade? (Tempo medio de agarda, máximo e mínimo)
- . Que medidas prevé adoptar para garantir o cumprimento dos prazos legais establecidos?

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 04/05/2022 12:28:46

María Montserrat Prado Cores na data 04/05/2022 12:28:49

Olalla Rodil Fernández na data 04/05/2022 12:28:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a liquidación da empresa ALU IBÉRICA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Non por advertido deixa de causar indignación o despedimento de todo o cadro de persoal da empresa ALU IBÉRICA da Coruña.

Un proceso de peche que iniciou antiga titular da fábrica, a multinacional ALCOA, e que despois de varios anos de calvario para o conxunto do cadro de persoal, a propia ALCOA se encargou de pechar definitivamente.

Durante estes anos o cadro de persoal viviu cambios de titularidade da fábrica, incumprimentos en materia laboral de todo tipo, e mesmo comportamentos delictivos por parte dos últimos titulares da fábrica.

Mais durante todo este proceso, destacaron por graves e pola súa transcendencia os continuos incumprimentos dos compromisos gubernativos, e das responsabilidades de goberno, dos gobernos estatal e galego.

No día de hoxe, cando se fai pública a autorización xudicial para a extinción dos contratos do persoal de ALU IBÉRICA, coñecemos tamén que o xulgado do mercantil





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

competente no asunto de BARRERAS ven de escoller entre as varias ofertas presentadas a de ARMÓN, precisamente a que non garante a continuidade dos postos de traballo do estaleiro.

Estes feitos coñecidos no día de hoxe, sumados á resolución de outras crises industrias nos últimos tempos, nos mesmo ou semellantes termos, evidencian a nula vontade e compromiso da Xunta de Galiza polo emprego, e nomeadamente a ausencia dunha política industrial digna de tal nome.

Mais no caso de ALU IBÉRICA o proceso para a liquidación dos activos aínda non está pechado, mesmo aínda hai prazo para a presentación de alegacións á proposta presentada polo administrador concursal.

O futuro de 300 traballadores e traballadoras da comarca da Coruña está no aire, de igual xeito que a actividade da produción de aluminio, un sector de grande importancia na Galiza que mereceu a cualificación de estratéxico, aínda que isto non signifique nada para o goberno galego.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

-Cal é a valoración da Xunta de Galiza a respecto da súa participación nunha solución para a industria do aluminio?

-Coñece a Xunta de Galiza a actual situación da fábrica a nivel xudicial? Ten contacto coa representación do persoal ou coa administración da fábrica?

-Vai participar a Xunta de Galiza no proceso de liquidación? Vai presentar alegacións á proposta do administrador?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que valoración fai do acordo para a extinción dos contratos?

-Por que a Xunta de Galiza veta calquera participación do goberno galego nunha posíbel solución industrial para a fábrica?

-Da por perdida a Xunta de Galiza a posibilidade de manter a actividade industrial (a de produción de aluminio ou outra) nas instalacións de ALU IBÉRICA?

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 04/05/2022 12:58:39

María do Carme González Iglesias na data 04/05/2022 12:58:56

Daniel Pérez López na data 04/05/2022 12:59:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 04/05/2022 12:59:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 19 de febreiro de 2021 tivo lugar unha xuntanza da Comisión Galega de Cooperación Local, na que se trataron entre outros os seguintes asuntos:

- Novas propostas da Xunta de Galiza.
- Novas propostas da FEGAMP e documento de análise sobre os obxectivos pendentes.

Polo que atinxe ás demandas da FEGAMP, no documento tratado na xuntanza faise referencia ás seguintes cuestións:

- a) Compromisos pendentes contidos no acordo de desenvolvemento do pacto local galego asinado entre a Xunta e a FEGAMP.
- b) Singularmente, instar á Xunta para que asuma os servizos e as obrigas económicas que prestan os concellos sen ter competencia nin capacidade de xestión, como poden ser os custos dos centros de ensino infantil e primario, as unidades municipais de asistencia á drogodependencia, conservatorios profesionais, centros sanitarios e xulgados de paz, entre outros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c) Aprobación dunha lei autonómica de participación nos ingresos da Comunidade Autónoma dos concellos galegos consensuada coa FEGAMP na que se clarifique a participación anual e os criterios de reparto e solicitar a progresiva integración no Fondo de Cooperación Local das axudas e subvencións anuais que a Comunidade Autónoma destina ás entidades locais.

d) Política social.

-Solicitar a constitución dun grupo de traballo específico entre Xunta e FEGAMP que elabore un estudo de necesidades, custos e fontes de financiamento dos servizos sociais de Galiza, solicitando especificamente un incremento do financiamento por hora da cantidade achegada pola Xunta en relación co SAF en materia de dependencia e o incremento das cantidades achegadas pola Comunidade Autónoma en relación co Plan Concertado.

-Axenda Social Única.

e) Outras materias.

-Augas de Galicia

-Lei de benestar animal

-Transporte intermunicipal

-Compromisos sobre espazos portuarios

-Problemas sobre xestión das obrigas da Consellaría de Educación sobre a limpeza dos CPIs

-Desenvolvemento de infraestruturas de telecomunicacións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Transcorridos 15 meses desde a citada xuntanza da Comisión de Cooperación Local non temos noticias de resultados concretos nos diferentes ámbitos e materiais aos que se refire o documento da FEGAMP.

Polo anteriormente formúlase a seguinte interpelación:

. Que previsións ten a Xunta en relación coas demandas trasladadas polo FEGAMP na xuntanza da comisión de cooperación local do 19 de febreiro de 2021?

. Cando ten previsto o goberno galego asumir os servizos e obrigas económicas que prestan os concellos sen ter competencia nin capacidade de xestión, como poden ser os custos dos centros de ensino infantil e primario, as unidades municipais de asistencia á drogodependencia, conservatorios profesionais, centros sanitarios e xulgados de paz, entre outros?

. Ten previsto o goberno galego aprobar unha lei autonómica de participación nos ingresos da Comunidade Autónoma dos concellos galegos consensuada coa FEGAMP na que se clarifique a participación anual e os criterios de reparto?

. Que previsións ten o goberno galego sobre a progresiva integración no Fondo de Cooperación Local das axudas e subvencións anuais que a Comunidade Autónoma destina ás entidades locais?

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Luis Bará Torres

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 05/05/2022 10:33:35

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 05/05/2022 10:33:38

Xosé Luis Bará Torres na data 05/05/2022 10:33:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández e Manuel Lourenzo Sobral, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado martes 3 de maio, coincidindo co Día da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade das Nacións Unidas, desenvolveuse simultaneamente en varias cidades unha xornada reivindicativa para denunciar as “intolerábeis agardas que deben asumir as persoas con discapacidade para poder acceder a todos os seus dereitos, causados polos retrasos tanto na avaliación do grao de discapacidade como na implantación da nova baremación da discapacidade”.

No cidade de Pontevedra tivo lugar un acto reivindicativo e de denuncia na delegación da consellaría de Sanidade, na que están ubicados os Equipos de Valoración e Observación da Discapacidade (EVO). No acto participaron representantes de COGAMI, Amizade, AGL, Alcer, Asearpo e profesionais e persoas usuarias dos servizos de COGAMI en Pontevedra.

Tal como xa denunciou o BNG en anteriores ocasións, e como puxeron de manifesto as entidades convocantes desta xornada, o tempo medio da avaliación da discapacidade é de 11 meses, chegando nalgúns casos a espera a superar os dous anos e até os tres anos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estes retrasos teñen importantes repercusións negativas na vida das persoas, xa que afectan a temas fundamentais como o acceso ao emprego, educación, accesibilidade, prestacións sanitarias e tamén a axudas económicas para compensar a desigualdade de oportunidades.

A causa principal do retraso nas baremacións é a carencia de persoal nos equipos de avaliación. Diante das denuncias reiteradas por parte de profesionais, e como resposta a iniciativas parlamentares, a Xunta anunciou a incorporación de equipos de reforzo por acúmulo de tarefas, medida que foi cualificada polo persoal dos equipos como un parche, xa que este persoal é contratado por períodos de 9 meses e non ten continuidade. Este tipo de medidas foron establecidas xa con anterioridade pola administración autonómica, cando menos desde o ano 2012, mais non conseguiron resolver o problema de fondo, que non é outro que a insuficiencia de equipos estábeis para dar resposta ao elevado número de solicitudes.

Segundo datos de 2019, existían daquela 5.560 persoas en listaxe de agarda na zona norte da provincia de Pontevedra, das cales 900 levaban máis de dous anos agardando e 500 destas aínda non foran avaliadas.

En moitos casos, debido a tempos de agarda tan prolongados, prodúcese a morte da persoa demandante sen que chegue a ser avaliada e polo tanto a acceder ás prestacións a que ten dereito.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Considera a Xunta de Galiza lóxicos e razonábeis os tempos de agarda para a avaliación da discapacidade na zona norte de Pontevedra e en toda Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cantas persoas están pendentes de avaliación da discapacidade na zona norte da provincia de Pontevedra?

. Que medidas ten previsto adoptar o goberno galego para reducir sensibelmente as listaxes e os tempos de agarda para a avaliación da discapacidade na zona norte de Pontevedra e no conxunto de Galiza?

. Ten previsto o goberno galego crear novos equipos estábeis para a avaliación da discapacidade na zona norte de Pontevedra e en toda Galiza?

. Comparte o goberno galego a idea de que a contratación de equipos de reforzo por acumulo de tarefas é un parche que non resolveu nos últimos 10 anos o problema?

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 05/05/2022 13:29:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 05/05/2022 13:29:51

Xosé Luis Bará Torres na data 05/05/2022 13:30:02



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A trata de persoas é un reflexo da desigualdade xa que afecta fundamentalmente a mulleres e nenas. Concibida como a nova versión da escravitude do século XXI, a trata é a terceira fonte ilegal de ingresos tralo tráfico de armas e de drogas.

Calcúlase que a explotación sexual é o destino do 80 % das vítimas de trata en todo o mundo, afectando a mulleres e nenas en máis do 75 % dos casos. É preciso, xa que logo, que todas as administracións traballen de maneira urxente e con contundencia na loita contra o que supón unha das máis graves vulneracións dos dereitos fundamentais das mulleres.

A Xunta de Galicia anunciaba recentemente que terá listo antes do verán de 2022 o I Plan galego contra a trata e a explotación sexual 2022-2024, que incorporará medidas para previr, sensibilizar e facer fronte a esta violación dos dereitos humanos, da dignidade e da liberdade da persoa, nomeadamente das mulleres.

O Grupo Parlamentario Socialista galego súmase á necesidade de que Galicia conte cun plan destas características, co que avanzaremos no desexado camiño cara á abolición da prostitución, mais entendemos que este documento debe contemplar de maneira rigorosa cada unha das accións a levar a cabo coa súa debida calendarización e orzamento, así como a debida implicación de todos os axentes que deben intervir.

Neste senso, nas alegacións ao borrador do plan o Consello Económico e Social (CES) de Galicia advirte eivas na parte da execución -falta de cronograma e accións concretas-, na dotación orzamentaria -á que non se fai unha mínima referencia, deixando así sen efectividade o seu desenvolvemento- e na avaliación.

Nas consideracións particulares do CES ao borrador do Plan, suxíren que:

- na formación e capacitación do persoal profesional se inclúa tamén o da Administración local.



- na área dedicada á investigación e mellora do coñecemento da intervención se conte co Observatorio Galego da Violencia de Xénero, que non aparece nin mencionado a pesar de que as súas funcións coinciden coas medidas recollidas neste eixo estratéxico.

- no obxectivo operativo 'Impulsar unha persecución máis activa do delito de trata' se empreguen tamén recursos propios da Xunta de Galicia como é a policía autonómica.

Por último, a pesar de que a Xunta de Galicia anuncia o plan para antes do verán, o propio CES advirte que ese prazo é apresurado e suxire que -dado que xa estamos a mediados do ano 2022- se estableza dende o ano 2023 e se alongue máis aló de 2024 para que exista un fortalecemento real do traballo neste eido.

Á vista das alegacións do CES ao borrador, o Grupo Socialista considera que o I Plan galego contra a trata e a explotación sexual 2022-2024 debe contar cunha maior concreción para garantir o seu éxito e desta maneira continuar coa loita necesaria contra a trata e a explotación sexual en Galicia.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª. Pensa o Goberno galego incorporar as melloras que suxire o Consello Económico e Social de Galicia ao I Plan galego contra a trata e a explotación sexual 2022-2024?

2ª. Considera o Goberno galego necesario ampliar o período de tempo que abarca o Plan para así garantir en maior medida a súa efectividade?

3ª. Como valora o Goberno galego que o Plan non contemple ningunha medida calendarizada nin orzamentada?

3ª. Como valora o Goberno galego a que o Plan non conteña ningún mecanismo de avaliación?

4ª. Pensa o Goberno galego incorporar o persoal da Administración local na formación e capacitación de profesionais?

5ª. Cal é a razón de non incorporar o Observatorio Galego de Violencia de Xénero na área dedicada a investigación e mellora do coñecemento para a intervención?



6ª. Por que non inclúe o borrador do Plan a policía autonómica entre os axentes responsables dunha persecución máis activa do delito de trata?

Pazo do Parlamento, 5 de maio de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 05/05/2022 16:33:15

Noelia Otero Lago na data 05/05/2022 16:33:38

Julio Torrado Quintela na data 05/05/2022 16:33:53

Marina Ortega Otero na data 05/05/2022 16:34:09



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Segundo transcendeu nos últimos días, entre marzo e xuño de 2020 o Sergas mercou á empresa galega SIBUCU SL 2,3 millóns de mascarar -2 millóns de tipo cirúrxico e 300.000 de tipo FFP2- por un importe de 1.945.000 euros, compras realizadas mediante catro expedientes tramitados polo procedemento de emerxencia.

Pouco tempo despois da entrega das mascarar de SIBUCU, detectouse por parte do Instituto Galego de Consumo que catro lotes de mascarar FFP2 da citada empresa foran validadas pola empresa italiana ENS Certificazione Macchine SRL, que non estaba autorizada para facer esa certificación, a pesar do cal SIBUCU entregounas co marcado 'CE' que garante a adecuación á lexislación europea, a pesar do cal a Xunta continuou coa distribución das mascarar entregadas por SIBUCU.

Ningún dos expedientes de compra a SIBUCU aparece na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, como tampouco figura ningunha das contratacións de emerxencia do Sergas. O IGCC chegou a abrir expediente sancionador á empresa en xullo de 2020 por importe de 10.500 euros.

A empresa SIBUCU SL carecía por completo, no momento de efectuar as vendas de mascarar, de experiencia no mercado sanitario, que tampouco figuraba no seu obxecto social. Ademais do Sergas, a empresa vendeu mascarar á comunidade e ao concello de Madrid, entre outras administracións públicas.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Segundo o Goberno galego as mascarar que o Sergas recibiu de SIBUCU SL tiñan a calidade necesaria e estaban correctamente certificadas?

2ª) Pode dicirnos o Goberno galego cal foi o número, características e prezo das mascarar que o Sergas comprou a SIBUCU SL?



3ª) Que medidas adoptou o Goberno galego cando o Instituto Galego do Consumo detectou que parte das mascarar de SIBUCU SL estaban incorrectamente certificadas?

4ª) Verificou o Goberno galego a quen se comercializaron esas mascarar incorrectamente certificadas por parte de SIBUCU SL?

5ª) Por que non aparece na plataforma dixital de contratos da Xunta de Galicia ningún dos contratos de compra de material sanitario tramitados polo procedemento de emerxencia na pandemia?

Pazo do Parlamento, 5 de maio de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/05/2022 10:35:09

Paloma Castro Rey na data 06/05/2022 10:35:27



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Patricia Otero Rodríguez e Paloma Castro Rey, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O 8 de abril de 2022 a Xunta anunciou a construción dunha pasarela peonil que cruzaría a ría da Coruña desde a praia de Santa Cristina radicada no concello de Oleiros ata a outra beira da ría, situada no concello da Coruña. O proxecto, que costaría 8 millóns de euros, non foi consultado cos concellos afectados e polo que se coñece do mesmo ata o momento parece propio dunha concepción das infraestruturas xa superada e que vai en contra da máis moderna concepción das obras públicas (mínimo impacto ambiental e visual, integración na paisaxe e no medio, redución de custos, etc).

Investigadores do CICA da Coruña e do CSIC valoraron moi negativamente o proxecto, chegando a cualificalo de “aberración”. A asociación Mobiliza fixo pública a proposta alternativa de usar a parte inferior da Ponte da Pasaxe para conectar ambos lados da ría, a un coste moi inferior e cun impacto tamén moito máis pequeno, ademais de que podería servir para completar o paseo marítimo a ambos lados da ría.

A necesidade de mellorar a comunicación entre ambos lados da ría é un feito e unha demanda desde hai moito tempo, pero o anuncio dunha obra que parece mal concibida, excesivamente aparatosa e custosa e que, ademais, non parece que fose consultado con ninguén non é unha boa maneira de contribuír a satisfacer esa necesidade, que debería ademais enlazar e estar coordinada coas obras de rexeneración da ría que se están levando a cabo co impulso do Goberno do Estado, que a financia integramente, e cos plans para completar o paseo marítimo entre A Coruña e Culleredo.

Por iso, o deputado e as deputadas que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

- 1ª) Considera o Goberno galego normal o anuncio dunha infraestrutura como unha pasarela entre ambos lados da ría da Coruña, que afecta a dous concellos, sen levar a cabo ningún tipo de consulta con eses concellos?
- 2ª) Considerou o Goberno galego se hai alternativas a esa obra que reduzan o impacto ambiental e visual e o coste económico da mesma?



3ª) Que informes recabou para considerar o Goberno galego a necesidade, impacto e alternativas desta obra antes de anunciála á prensa?

Pazo do Parlamento, 5 de maio de 2022


Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 05/05/2022 18:03:25

Patricia Otero Rodríguez na data 05/05/2022 18:03:44

Paloma Castro Rey na data 05/05/2022 18:04:04





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

